



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 112
10 de maio de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ 8698 - 8779 (10/PPL-000004)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei integral de identidade de xénero de Galicia

[29228](#)

■ 8700 - 8746 (10/PPL-000005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia

[29282](#)

■ 8701 (10/PPL-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia

[29350](#)

■ 8740 (10/PPL-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 09/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

[29404](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

■ 8372 - 8550 (10/PNP-000780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da creación dunha comisión de investigación que terá por obxecto investigar as autorizacións, contratos, concesións e, en xeral, todas as relacións do Grupo Villar Mir co sector público galego e, nomeadamente, para o seguimento, análise e investigación do intento de venda e segregación das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

[29409](#)

■ 8390 (10/PNP-000784)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a execución polo Goberno galego, antes do remate do primeiro semestre de 2017, das obras de recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira, do seu contorno natural, incluída a praia de Lavapanos, do muro de contención e das vivendas lindadeiras afectadas pola construción do porto deportivo de Sanxenxo, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

[29415](#)

I 8403 (10/PNP-000785)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha comisión de expertos para afrontar a praga da couza da pataca e buscar unha solución que minimize o seu impacto na poboación produtora en réxime de autoconsumo mediante unha liña de axudas

[29418](#)**I 8414 (10/PNP-000786)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos períodos de veda e as épocas óptimas de consumo do santiaguiño e do polbo reflectidas na aplicación móbil difundida pola Consellería do Mar sobre as vedas, a época óptima de consumo e o tamaño mínimo de peixes, bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos e gasterópodos

[29421](#)**I 8416 (10/PNP-000787)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións legais vixentes para o investimento polos concellos do seu superávit na liquidación orzamentaria

[29423](#)**I 8420 (10/PNP-000788)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento da lexislación vixente, o dereito ao descanso da veciñanza e a seguridade pública na zona de San Rosendo, no barrio da Ponte, en Ourense

[29427](#)**I 8429 (10/PNP-000789)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 3 máis**

Sobre a asistencia polo Goberno galego co tratamento axeitado a todas as persoas que se atopan na cadea nas penitenciarías de Galicia afectadas pola hepatitis C, en cumprimento dos acordos e das resolucións adoptadas, así como do Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde

[29430](#)**I 8435 (10/PNP-000790)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020

[29432](#)**I 8454 (10/PNP-000791)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre a restauración, a conservación e o mantemento para o uso público da torre pazo de Goiáns polo Goberno galego, en colaboración co Concello de Boiro e outros organismos, así como a súa vixilancia

[29435](#)

I 8455 (10/PNP-000792)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias detectadas no Fogar Residencial de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade

[29439](#)

I 8462 (10/PNP-000793)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da inclusión da podoloxía na carteira básica de servizos do Sistema nacional de saúde co financiamento necesario, a súa introdución na carteira complementaria de servizos de Galicia, así como a incorporación da categoría profesional de podólogo ou podóloga como persoal estatutario do Sergas

[29442](#)

I 8475 (10/PNP-000794)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha normativa autonómica que unifique o procedemento de actuación nas revisións periódicas dos ascensores e elevadores, así como outros aspectos de carácter técnico nos ámbitos do mantemento e da seguridade

[29444](#)

I 8479 (10/PNP-000795)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da solución das demoras que se están a producir na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais

[29447](#)

I 8481 (10/PNP-000796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense

[29449](#)

I 8494 (10/PNP-000797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o establecemento por parte do Goberno galego dun marco de colaboración co Concello de Cambados para realizar as actividades derivadas do nomeamento desa vila como Cidade Europea do Viño 2017, así como para achegar o financiamento necesario

[29451](#)

I 8499 (10/PNP-000798)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restauración, consolidación e peonalización da Ponte Vella de Monforte de Lemos, así como a reorganización da mobilidade da cidade, segundo o Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico-artístico de Monforte

[29455](#)**I 8502 (10/PNP-000799)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na xestión da plataforma informática do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112, así como os gastos de desprazamento ocasionados ao persoal, a consecuencia do traslado ás novas instalacións da Estrada

[29458](#)**I 8545 (10/PNP-000800)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeadada no viñedo, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

[29461](#)**I 8556 (10/PNP-000801)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para evitar o desmantelamento do Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia

[29464](#)**I 8569 (10/PNP-000802)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a catalogación, protección, sinalización e conservación dos henges que se localicen en Galicia, comezando polo de Lavandeira, no concello de Xove, así como a posta en marcha no ano 2017 do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia para a consulta en liña de xeito interactivo

[29469](#)**I 8571 (10/PNP-000803)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e, nomeadamente, a das persoas galegas emigrantes nese país

[29472](#)**I 8579 (10/PNP-000804)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a demanda do Goberno galego á Administración de Xustiza respecto da elaboración dun protocolo de actuación para avaliar os resultados da aplicación do sistema de comunicación das resolucións xudiciais co dobre modelo que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos pola cidadanía [29477](#)

I 8585 (10/PNP-000805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria específica para a ampliación do edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, a demanda ao Goberno central da creación dun cuarto xulgado nesa localidade, así como a execución do Plan de modernización para o expurgo e a dixitalización de documentos dos arquivos xudiciais [29480](#)

I 8590 (10/PNP-000806)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a dotación de servizos do Punto de atención continuada de Baltar, no concello de Sanxenxo, principalmente nos meses de verán [29483](#)

I 8600 (10/PNP-000807)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación do Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña [29486](#)

I 8618 (10/PNP-000808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

vSobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de Estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas [29488](#)

I 8622 (10/PNP-000809)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar o peche de camas e a derivación de doentes á sanidade privada, durante os meses de verán, nos centros hospitalarios do Sergas [29492](#)

I 8631 (10/PNP-000810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento do incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa [29495](#)

I 8641 (10/PNP-000811)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das medidas reflectidas no acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 para a mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose [29498](#)

I 8644 (10/PNP-000812)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no referido á prohibición das plantacións silvícolas en terreo agrícola [29502](#)

I 8647 (10/PNP-000813)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a procura pola Xunta de Galicia dunha alternativa á corta das árbores centenarias existentes na Avenida de Celanova, en Xinzo de Limia, para a execución das obras de mellora da rúa [29505](#)

I 8652 (10/PNP-000814)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de abandono no que se atopa o barrio de Mollavao, en Pontevedra, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central para reducir o impacto acústico da circulación de vehículos sobre a ponte da AP-9 [29508](#)

I 8665 (10/PNP-000815)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula, e Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desdobramento da Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa, en Lugo, ás instalacións do antigo Hospital Xeral, así como o desenvolvemento dunha planificación das necesidades de novos centros de saúde en Galicia, incluíndo nela unha previsión de reformas [29511](#)

I 8671 (10/PNP-000816)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre o establecemento polo Goberno galego dunha moratoria de seis meses para a entrada en vigor do Decreto de vivendas turísticas e vivendas de uso turístico, co fin de modificar, puír e aclarar os aspectos máis conflictivos desa normativa [29514](#)

I 8672 (10/PNP-000817)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo técnico-económico en relación co destino das instalacións do antigo Hospital do Rebullón, no concello de Mos, á atención das necesidades de servizos públicos de carácter sociosanitario [29522](#)

I 8675 (10/PNP-000818)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen, e Merlo Lorenzo, Juan José**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código Penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción [29524](#)

I 8683 (10/PNP-000819)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria e tratamento co fármaco denominado Nusinersen/Spinraza aos doentes que padecen Atrofia Muscular Espiñal [29527](#)

1.3.6.2. Propositions non de lei en Comisión**1.3.6.2.4. Propositions tramitadas****COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR****Rexeitamento da iniciativa****I 7881 (10/PNC-000828)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto do establecemento dun novo modelo de financiamento local, así como da eliminación dos límites establecidos na lexislación vixente en materia de estabilidade orzamentaria para as administracións no referido ao gasto público, endebedamento e contratación de persoal [29226](#)

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**Aprobación sen modificacións****I 7042 (10/PNC-000718)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles, e oito deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de material didáctico vinculado á cultura galega e, de xeito especial, ao Camiño de Santiago, co fin de que sexa útil na aprendizaxe do galego fóra da comunidade autónoma [29226](#)

Rexeitamento das iniciativas**I 5843 (10/PNC-000569)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e dous deputados/as máis**

Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia das deficiencias existentes no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como a dotación do orzamento necesario e a fixación do calendario para a substitución dos teitos de amianto do centro [29227](#)

I 6379 (10/PNC-000644)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción, e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa restauración, rehabilitación e posta en valor do parque do Pasatempo, de Betanzos, así como a tramitación do expediente para a súa declaración como ben de interese cultural

[29227](#)**I 7152 (10/PNC-000737)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis**

Sobre o mantemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da escola unitaria A Revoltiña de Soandres, no concello da Laracha, poñendo en valor a súa posible viabilidade futura

[29227](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

8698 - 8779 (10/PPL-000004)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei integral de identidade de xénero de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei integral de identidade de xénero de Galicia (docs. núms. 8698 e 8779).

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

8700 - 8746 (10/PPL-000005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa, e dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia (docs. núms. 8700 e 8746).

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 8701 (10/PPL-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 8740 (10/PPL-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 09/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de modificación da Lei 09/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de maio de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 8372 - 8550 (10/PNP-000780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da creación dunha comisión de investigación que terá por obxecto investigar as autorizacións, contratos, concesións e, en xeral, todas as relacións do Grupo Villar Mir co sector público galego e, nomeadamente, para o seguimento, análise e investigación do intento de venda e segregación das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

A Mesa admítea coa reformulación contida no doc. núm. 8550.

- 8390 (10/PNP-000784)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a execución polo Goberno galego, antes do remate do primeiro semestre de 2017, das obras de recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira, do seu contorno natural, incluída a praia de Lavapanos, do muro de contención e das vivendas lindeiras afectadas pola construción do porto deportivo de Sanxenxo, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

- 8403 (10/PNP-000785)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha comisión de expertos para afrontar a praga da couza da pataca e buscar unha solución que minimice o seu impacto na poboación produtora en réxime de autoconsumo mediante unha liña de axudas

- 8414 (10/PNP-000786)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos períodos de veda e as épocas óptimas de consumo do santiaguiño e do polbo reflectidas na aplicación móbil difundida pola Consellería do Mar sobre as vedas, a época óptima de consumo e o tamaño mínimo de peixes, bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos e gasterópodos

- 8416 (10/PNP-000787)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións legais vixentes para o investimento polos concellos do seu superávit na liquidación orzamentaria

- 8420 (10/PNP-000788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento da lexislación vixente, o dereito ao descanso da veciñanza e a seguridade pública na zona de San Rosendo, no barrio da Ponte, en Ourense

- 8429 (10/PNP-000789)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a asistencia polo Goberno galego co tratamento axeitado a todas as persoas que se atopan na cadea nas penitenciarías de Galicia afectadas pola hepatitis C, en cumprimento dos acordos e das resolucións adoptadas, así como do Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde

- 8435 (10/PNP-000790)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020

- 8454 (10/PNP-000791)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a restauración, a conservación e o mantemento para o uso público da torre pazo de Goiáns polo Goberno galego, en colaboración co Concello de Boiro e outros organismos, así como a súa vixilancia

- 8455 (10/PNP-000792)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias detectadas no Fogar Residencial de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade

- 8462 (10/PNP-000793)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da inclusión da podoloxía na carteira básica de servizos do Sistema nacional de saúde co financiamento necesario, a súa introdución na carteira complementaria de servizos de Galicia, así como a incorporación da categoría profesional de podólogo ou podóloga como persoal estatutario do Sergas

- 8475 (10/PNP-000794)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha normativa autonómica que unifique o procedemento de actuación nas revisións periódicas dos ascensores e elevadores, así como outros aspectos de carácter técnico nos ámbitos do mantemento e da seguridade

- 8479 (10/PNP-000795)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da solución das demoras que se están a producir na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais

- 8481 (10/PNP-000796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense

- 8494 (10/PNP-000797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o establecemento por parte do Goberno galego dun marco de colaboración co Concello de Cambados para realizar as actividades derivadas do nomeamento desa vila como Cidade Europea do Viño 2017, así como para achegar o financiamento necesario

- 8499 (10/PNP-000798)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restauración, consolidación e peonalización da Ponte Vella de Monforte de Lemos, así como a reorganización da mobilidade da

cidade, segundo o Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico-artístico de Monforte

- 8502 (10/PNP-000799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na xestión da plataforma informática do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112, así como os gastos de desprazamento ocasionados ao persoal, a consecuencia do traslado ás novas instalacións da Estrada

- 8545 (10/PNP-000800)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeadada no viñedo, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

- 8556 (10/PNP-000801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para evitar o desmantelamento do Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galicia

- 8569 (10/PNP-000802)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a catalogación, protección, sinalización e conservación dos henges que se localicen en Galicia, comezando polo de Lavandeira, no concello de Xove, así como a posta en marcha no ano 2017 do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia para a consulta en liña de xeito interactivo

- 8571 (10/PNP-000803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e, nomeadamente, a das persoas galegas emigrantes nese país

- 8579 (10/PNP-000804)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda do Goberno galego á Administración de Xustiza respecto da elaboración dun protocolo de actuación para avaliar os resultados da aplicación do sistema de comunicación das resolucións xudiciais co dobre modelo que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos pola cidadanía

- 8585 (10/PNP-000805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria específica para a ampliación do edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, a demanda ao Goberno central da creación dun cuarto xulgado nesa localidade, así como a execución do Plan de modernización para o expurgo e a dixitalización de documentos dos arquivos xudiciais

- 8590 (10/PNP-000806)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a dotación de servizos do Punto de atención continuada de Baltar, no concello de Sanxenxo, principalmente nos meses de verán

- 8600 (10/PNP-000807)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación do Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña

- 8618 (10/PNP-000808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

vSobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de Estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas

- 8622 (10/PNP-000809)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar o peche de camas e a derivación de doentes á sanidade privada, durante os meses de verán, nos centros hospitalarios do Sergas

- 8631 (10/PNP-000810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento do incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa

- 8641 (10/PNP-000811)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das medidas reflectidas no acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 para a mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose

- 8644 (10/PNP-000812)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no referido á prohibición das plantacións silvícolas en terreo agrícola

- 8647 (10/PNP-000813)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a procura pola Xunta de Galicia dunha alternativa á corta das árbores centenarias existentes na Avenida de Celanova, en Xinzo de Limia, para a execución das obras de mellora da rúa

- 8652 (10/PNP-000814)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de abandono no que se atopa o barrio de Mollavao, en Pontevedra, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central para reducir o impacto acústico da circulación de vehículos sobre a ponte da AP-9

- 8665 (10/PNP-000815)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desdobramento da Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa, en Lugo, ás instalacións do antigo Hospital Xeral, así como o desenvolvemento dunha planificación das necesidades de novos centros de saúde en Galicia, incluíndo nela unha previsión de reformas

- 8671 (10/PNP-000816)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre o establecemento polo Goberno galego dunha moratoria de seis meses para a entrada en vigor do Decreto de vivendas turísticas e vivendas de uso turístico, co fin de modificar, puír e aclarar os aspectos máis conflictivos desa normativa

- 8672 (10/PNP-000817)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo técnico-económico en relación co destino das instalacións do antigo Hospital do Rebullón, no concello de Mos, á atención das necesidades de servizos públicos de carácter sociosanitario

- 8675 (10/PNP-000818)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen, e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código Penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción

- 8683 (10/PNP-000819)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria e tratamento co fármaco denominado Nusinersen/Spinraza aos doentes que padecen Atrofia Muscular Espiñal

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 5 de maio de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 7881 (10/PNC-000828)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto do establecemento dun novo modelo de financiamento local, así como da eliminación dos límites establecidos na lexislación vixente en materia de estabilidade orzamentaria para as administracións no referido ao gasto público, endebedamento e contratación de persoal

BOPG nº 100, do 19.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 4 de maio de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 7042 (10/PNC-000718)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles, e oito deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de material didáctico vinculado á cultura galega e, de xeito especial, ao Camiño de Santiago, co fin de que sexa útil na aprendizaxe do galego fóra da comunidade autónoma

BOPG nº 96, do 05.04.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver material didáctico vinculado á cultura galega e, de xeito especial, ao Camiño de Santiago para que sexa útil na aprendizaxe do galego fóra da nosa Comunidade.»

Rexeitamento das iniciativas

- 5843 (10/PNC-000569)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e dous deputados/as máis

Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia das deficiencias existentes no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como a dotación do orzamento necesario e a fixación do calendario para a substitución dos teitos de amianto do centro

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 6379 (10/PNC-000644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa restauración, rehabilitación e posta en valor do parque do Pasatempo, de Betanzos, así como a tramitación do expediente para a súa declaración como ben de interese cultural

BOPG nº 83, do 15.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 7152 (10/PNC-000737)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis

Sobre o mantemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da escola unitaria A Revoltiña de Soandres, no concello da Laracha, poñendo en valor a súa posible viabilidade futura


BOPG nº 96, do 05.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª




Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de en Marea, ao abeiro do artigo 163 e concordantes do Regulamento da Cámara, peresenta ante esa mesa, a seguinte **Proposición de Lei Integral de identidade de Xénero de Galicia**

A identidade de xénero é a vivencia interna, única e individual do xénero tal e como cada persoa a sente e como a manifesta. Esta circunstancia única e persoal pode corresponder ou non co sexo asignado no nacemento, consistente na apreciación visual dos órganos xenitais externos. A existencia de persoas Trans, que son as que teñen unha identidade de xénero sentida non correspondente coa que lle asignaron o nacer, está presente en todas as culturas da humanidade, e en todo tempo histórico. Non podemos pensar no colectivo Trans como algo homoxéneo que responde a uns patróns determinados. Por tanto, hai tantas formas de sentir e vivir a identidade de xénero, e tantos procesos e transicións coma persoas Trans existen.

Algunhas sociedades aceptaron unha realidade de xénero non estritamente binaria, e articularon mecanismos sociais e leis que promoven a súa inclusión. Outras, coma a nosa, manifestaron diversos graos de rexeitamento e represión das expresións de identidade de xénero non normativas, provocando graves violacións dos dereitos humanos das persoas Trans, o cal nos leva á necesidade de crear un marco normativo galego que recoñeza o dereito á identidade de xénero e á libre expresión do xénero sentido coma un dereito humano fundamental, e dotalo dos instrumentos axeitados para facelo efectivo.

No século XX a transexualidade comezou a tratarse dende o ámbito médico, considerándose como un trastorno de disforia de xénero, e cualificando ás persoas Trans como afectadas por unha enfermidade mental. Durante cerca de setenta anos a transexualidade figurou como enfermidade nos principais manuais de diagnóstico e nas principais clasificacións de enfermidades, como a Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-IO) da Organización Mundial da Saúde ou no Manual de diagnóstico de enfermidades psiquiátricas DSM-R da American Psychiatric Association (APA), baixo os cualificativos de “trastorno da identidade sexual” ou “desorde da identidade de xénero” onde o diagnóstico médico asociado é a “disforia de xénero”.




A Resolución do Consello de Europa do 22 de abril de 2015 favorable aos dereitos das persoas Trans, transmite os Estados membros a necesidade de que desenvolvan “leis e marcos legais explícitos para loitar contra a discriminación e os crimes de odio dos que as persoas Trans son vítimas”. Así mesmo, se lles anima a adoptar procedementos “oportunos, transparentes e accesibles” para o recoñecemento legal da identidade de xénero, baseados na libre autodeterminación, e sen ningún tipo de limitación baseada en características persoais.

No seu punto 3 considera unha violación dos Dereitos Fundamentais entre outros, o diagnóstico da transexualidade como enfermidade mental. Así mesmo, o Comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg, solicitou á OMS a despatoloxización da transexualidade, declarando que a “disforia de xénero” debe deixar de considerarse como enfermidade mental nos países do Consello de Europa e os organismos internacionais da saúde.

O proceso de recoñecemento da despatoloxización da identidade de xénero na sociedade occidental segue un camiño imparabile, pero aínda está lonxe de concluír. No 2009 xorde na rede pola despatoloxización da transexualidade a nivel mundial, co obxectivo da retirada do “trastorno de identidade de xénero” dos catálogos diagnósticos do DSV-IV e CIE-10. Este movemento conseguiu que recentemente a propia APA retirase o seu diagnóstico de trastorno da identidade de xénero, aínda que son moitas as voces que avogan nos terreos científicos e sociais pola definitiva despatoloxización da transexualidade e pola consideración da mesma coma unha máis das manifestacións da diversidade sexual do ser humano, xa que aínda que a APA o retirase coma trastorno de identidade de xénero, este segue permanecendo no mesmo manual de trastornos co epígrafe “disforia de xénero”.

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade coma un principio xurídico fundamental e universal. Dende a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas coma un principio xurídico fundamental e universal.




Este recoñecemento implícito da Declaración Universal faise explícito con respecto as persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que tómanse en consideración, como os Principios de Yogyakarta.

No ámbito europeo, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2000) establece que “a Unión fúndase sobre os valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade”. E prohíbe de forma expresa no artigo 21 “toda discriminación”, e en particular a exercida “por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicos ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual”.

Sobre esta base a Unión Europea construíu un sólido corpo de normas e resolucións dirixido a garantir a libre manifestación da identidade de xénero das persoas sen discriminación. Entre ditos elementos normativos podemos sinalar de maneira non exhaustiva as resolucións do Parlamento Europeo do 12 de setembro de 1989, do 8 de febreiro de 1994, do 18 de xaneiro de 2006, do 24 de maio de 2012, do 24 de xuño de 2013 e do 4 de febreiro de 2014, todas elas relativas á igualdade de dereitos das persoas Trans ou aos efectos colaterais de Directivas coma a 2000/78/CE, do Consello, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e na ocupación. É necesario mencionar pola súa pertenza o caso das Directrices para promover e protexer o gozo de tódolos dereitos humanos das persoas (LGBTI), aprobadas polo Consello da Unión Europea o 24 de xuño de 2013 ou os informes da Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea sobre a homofobia, a transfobia e a discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero dos anos 2010 e 2014.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma do que a Constitución española no seu artigo 9.2, sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, o recoller a obriga que corresponde os poderes públicos de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos cales se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social».




No desenvolvemento deste mandato o respecto á identidade, o 15 de marzo de 2007 promulgouse a lei reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas, que permite o cambio da inscrición relativa ao sexo no rexistro civil e con iso o cambio do nome, da documentación oficial e do estatus cidadán adscrito ao sexo rexistrado. A lei española do cambio de sexo rexistral desvincula por primeira vez o pleno exercicio dos dereitos civís vinculados ao rexistro das cirurxías xenitais. Así a todo, a lei quedou restrinxida a persoas maiores de idade e de nacionalidade española. Posteriormente chegarían leis máis avanzadas, coma a de Arxentina (2012), que é a primeira en despatoloxizar de maneira completa a transexualidade.

O estado español, non obstante, non se limitou ao simple recoñecemento do cambio de sexo rexistral, pois son moitas as normas que proscriben a discriminación no traballo, e a identidade de xénero recibiu tutela igualmente na lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo de protección á infancia e á adolescencia ou na recente reforma do Código Penal.

No ámbito autonómico desenvolvéronse tanto leis específicas en Navarra (2009), País Vasco (2012), Andalucía (2014), Canarias (2014) e máis recentemente Madrid (2016) ou leis para o conxunto do colectivo LGTBI aquí en Galicia (2014), e tamén en Cataluña (2014) e Estremadura (2015), dando un paso adiante ao garantir, non só ao recoñecemento da identidade de xénero nos respectivos territorios, senón engadir igualmente unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da integración das persoas Trans na sociedade.


A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de gays, lesbianas, homosexuais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. O obxecto desta lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razóns de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais. Esta lei galega é claramente insuficiente e inxusta cara aos dereitos e liberdades das persoas Trans, xa que o único artigo que fai referencia expresamente ao colectivo Trans, fala de que o acceso aos tratamentos médicos esixidos, estarase á mercé dun criterio clínico.



Resulta por todo o exposto, esencial, o recoñecemento legal do dereito á identidade de xénero de toda persoa nun exercicio libre e sen presións legais ou sociais como corolario dos Dereitos constitucionais da igualdade de todas as persoas e o libre desenvolvemento da súa personalidade. E como concreción de dito recoñecemento, garantir que a lei aplicábel das persoas non as patoloxiza ou somete á condición de prexuízo sobre a súa capacidade, dignidade e habilidades.

Esta lei segue na súa definición de identidade de xénero e expresión de xénero o criterio da Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea que á súa vez obtivo a definición tras un extenso traballo de consulta coas principais organizacións Trans europeas e internacionais. O concepto de identidade de xénero refírese á vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa a sinte profundamente, incluíndo a vivencia persoal do corpo, e outras coma a vestimenta, o xeito de falar e os modais. A identidade de xénero está xeralmente acompañada do desexo de vivir e recibir aceptación como membro de dito xénero, e mesmo do desexo irrenunciábel de modificar, mediante métodos hormonais, cirúrxicos ou de outra índole, o propio corpo, para facelo o máis congruente posíbel co xénero sentido como propio, cando non se corresponde co asignado ao nacer.

Para os efectos do previsto nesta Lei, existirá reincidencia cando o responsable ou responsables da infracción prevista nela, fosen sancionados anteriormente mediante resolución firme pola realización dunha infracción contida nesta Lei no prazo de dous anos, contados desde a notificación daquela.

Artigo 55.- Sancións.

1.- As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou con multa de 300 a 3.000 euros, en caso de existir reincidencia esta será sancionada con multa de 300 a 3.000 euros.

2.- As infraccións graves serán sancionadas con multa de 3.001 ata 20.000 euros. Ademais, poderán impoñerse como sancións accesorias algunha ou algunhas das seguintes:

-Prohibición de acceder a calquera tipo de axuda pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia por un período dun ano.

-Prohibición de contratar coa administración, os seus organismos autónomos ou entes públicos por período dun ano.


3.- As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 20.001 ata 45.000 euros, e ademais poderá impoñerse algunha ou algunhas das sancións accesorias seguintes:

-Prohibición de acceder a calquera tipo de axuda pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia por un período de ata tres anos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



-Inhabilitación temporal, por un período de ata tres anos, para ser titular, persoa física ou xurídica, de centros ou servizos dedicados á prestación de servizos públicos.

-Prohibición de contratar coa administración, os seus organismos autónomos ou entes públicos por un período de ata tres anos.

Artigo 56.- Gradación das sancións.

1.- Para a gradación das sancións terase en conta:

- A natureza e gravidade dos riscos ou prexuízos causados ás persoas ou bens.
- A intencionalidade do autor.
- A reincidencia.
- A discriminación múltiple e a victimización secundaria.
- A transcendencia social dos feitos ou a súa relevancia.
- O beneficio que obtivese o infractor.
- O incumprimento das advertencias ou requirimentos que previamente realizase a Administración.
- A pertenza da persoa infractora a forzas e corpos de seguridade.
- A pertenza da persoa infractora a un grupo organizado de ideoloxía claramente LGTBQIfóbica.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s.n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
05 MAI. 2017
Núm. 8700

-A reparación voluntaria dos danos causados ou a corrección dos feitos que deron lugar a comisión do tipo infractor, sempre que iso teña lugar antes de que recaia unha resolución definitiva.

2.- Para a imposición das sancións pecuniarias e para a determinación da súa contía, deberá terse en conta que a comisión das infraccións non resulte máis beneficiosa para o infractor ou os infractores, que o cumprimento das normas infrinxidas.

Artigo 57.- Prescrición.

1.- As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos nove meses.

2.- O prazo de prescrición das infraccións comezará a computarse dende o día seguinte a aquel en que cometeuse a infracción.

3.- As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos dous anos, as graves ao ano, e as leves aos seis meses.

4.- O cómputo da prescrición das sancións comezará a correr dende que adquira firmeza a resolución que impoña a sanción.

Artigo 58.- Competencia.

1.- A imposición das sancións previstas, esixirá a previa incoación do correspondente expediente sancionador, que incluírá unha instrución correspondente ao

titular do Servizo de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral competente en materia de non discriminación ás persoas, por motivos de identidade e expresión de xénero.

2.- Se durante a tramitación do expediente sancionador comprobábase que a competencia corresponde a outra Administración pública, darase traslado do expediente a Administración pública competente para a súa tramitación.

3.- A competencia para a imposición de sancións previstas na presente Lei corresponderá:

-A persoa que ostente a titularidade da Secretaría Xeral competente, en materia de non discriminación de persoas por motivos de identidade e expresión de xénero, cando se trate da imposición de sancións por infraccións leves.

-A persoa titular da Consellería con competencias en materia de non discriminación de persoas por identidade e expresión de xénero, cando se trate de imposición de sancións por infraccións graves.

-A Xunta de Galicia para a imposición de sancións por infraccións moi graves.

Artigo 59.- Procedemento sancionador.

A potestade sancionadora exercerase de conformidade co que dispoñen a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

05 MAI. 2017

Núm. 8200

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Non discriminación por motivos de identidade de xénero no cómputo do prazo de residencia para ser beneficiario de calquera renda pertencente os servizos públicos galegos, o igual que nos casos de traslados fóra da comunidade autónoma derivados de situacións constatadas de malos tratos familiares, de tratamentos socio-sanitarios, de rehabilitación como consecuencia de medidas especiais de protección en procedementos xudiciais, ou polo tratamento derivado da atención a persoas Trans, ou por cumprimento de condena en establecementos penais radicados fóra da Comunidade de Galicia.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango emanadas dos órganos da Comunidade de Galicia opóñanse ao previsto na presente Lei.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Desenvolvemento regulamentario


1.- Autorízase a Xunta de Galicia a dispoñer e asinar os convenios necesarios para o desenvolvemento desta Lei con aquelas institucións e administracións que resulten competentes e oportunas.

2.- Se autoriza a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias foran necesarias para o desenvolvemento e a execución desta Lei.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



3.- As medidas contempladas na presente Lei, que en virtude do seu desenvolvemento regulamentario impliquen a realización de gastos, serán orzadas con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma do exercicio seguinte a entrada en vigor das disposicións adoptadas para a súa aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 11:01
Nº Rexistro: 8746
Data envío: 08/05/2017 11:01:42.389

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, solicita que se engada ao documento con número de rexistro **8.700** os seguintes antecedentes:

ANTECEDENTES:

- Constitución española
- Estatuto de autonomía de Galicia
- Declaración universal dos dereitos humanos
- Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 11:01
Nº Rexistro: 8746
Data envío: 08/05/2017 11:01:42.389

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2017 11:01:13

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2017 11:01:19

05 MAI. 2017

870-1

PSG
PSOE



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Noela Blanco Rodríguez** e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia**.

Exposición de motivos

A identidade de xénero é a vivencia interna, única e individual do xénero tal como cada persoa a sente e como a manifesta. Esta circunstancia única e persoal pode corresponder ou non có sexo asignado no nacemento, consistente na apreciación visual dos órganos xenitais externos. A existencia de persoas Trans, que son as que teñen unha identidade de xénero sentida non correspondente coa que lle asignaron o nacer, está presente en todas as culturas da humanidade, e en todo tempo histórico. Non podemos pensar no colectivo Trans como algo homoxéneo que responde a uns patróns determinados. Por tanto, hai tantas formas de sentir e vivir a identidade de xénero, e tantos procesos e transicións como persoas Trans existen.

Algunhas sociedades aceptaron unha realidade de xénero non estritamente binaria, e articularon mecanismos sociais e leis que promoven a súa inclusión. Outras, como a nosa, manifestaron diversos graos de rexeitamento e represión das expresións de identidade de xénero non normativas, provocando graves violacións dos dereitos humanos das persoas Trans, o cal nos leva a necesidade de crear un marco normativo galego que recoñeza o dereito a identidade de xénero e a la libre expresión do xénero sentido como un dereito humano fundamental, e dotalo dos instrumentos adecuados para facelo efectivo.

No século XX a transexualidade comezou a tratarse dende o ámbito médico, considerándose como un trastorno de disforia de xénero, e cualificando as persoas Trans como afectadas por unha enfermidade mental. Durante cerca de setenta anos a transexualidade figurou como enfermidade nos principais manuais de diagnóstico e nas principais clasificacións de enfermidades, como a Clasificación Internacional de

05 MAI. 2017

Núm.

8701

PSG
PSOE



Grupo Parlamentario

Enfermidades (CIE-IO) da Organización Mundial da Saúde o no Manual de diagnóstico de enfermidades psiquiátricas DSM-R da American Psychiatric Association (APA), baixo os cualificativos de “trastorno da identidade sexual” ou “desorde da identidade de xénero” onde o diagnóstico médico asociado é a “disforia de xénero”.

A Resolución do Consello de Europa do 22 de abril de 2015 favorable aos dereitos das persoas Trans, transmite aos Estados membros a necesidade de que desenrolen “leis e marcos legais explícitos para loitar contra a discriminación e os crimes de odio dos que as persoas Trans son vítimas”. Así mesmo se lles anima a adoptar procedementos “oportunos, transparentes e accesibles” para o recoñecemento legal da identidade de xénero, baseados na libre autodeterminación, e sen ningún tipo de limitación baseada en características persoais.

No seu punto 3 considera unha violación dos Dereitos Fundamentais entre outros, o diagnóstico da transexualidade como enfermidade mental. Así mesmo, o Comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg, solicitou á OMS a despatoloxización da transexualidade, declarando que a “disforia de xénero” debe deixar de considerarse como enfermidade mental nos países do Consello de Europa e os organismos internacionais da saúde.

O proceso de recoñecemento da despatoloxización da identidade de xénero na sociedade occidental segue un camiño imparable, pero aínda está lesos de concluír. No 2009 xorde na rede po la despatoloxización da transexualidade a nivel mundial, co obxectivo da retirada do “trastorno de identidade de xénero” dos catálogos diagnósticos do DSV-IV e CIE-10.

Este movemento conseguiu que recentemente a propia APA retirara o seu diagnóstico de trastorno da identidade de xénero, aínda que son moitas as voces que avogan nos terreos científicos e sociais po la definitiva despatoloxización da transexualidade e po la consideración da mesma como una mais das manifestacións da diversidade sexual do ser humano, xa que aínda que a APA o retirara como trastorno de identidade de xénero, este segue permanecendo no mesmo manual de trastornos co epígrafe “disforia de xénero”.

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
05 MAR 2017
Núm. 8701



Grupo Parlamentario


Partido dos
Socialistas
de Galicia

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Dende a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.

Este recoñecemento implícito da Declaración Universal se fai explícito con respecto as persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que deben ser tomadas en consideración, como os Principios de Yogyakarta.

No ámbito europeo, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2000) establece que “a Unión está fundada sobre os valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade”. E prohibe de forma expresa no artigo 21 “toda discriminación”, e en particular a exercida “por razón de sexo, raza, color, orixes étnicos ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual”.

Sobre esta base a Unión Europea construíu un sólido corpo de normas e resolucións dirixido a garantir a libre manifestación da identidade de xénero das persoas sen discriminación. Entre ditos elementos normativos podemos sinalar de maneira non exhaustiva as resolucións do Parlamento Europeo do 12 de setembro de 1989, do 8 de febreiro de 1994, do 18 de xaneiro de 2006, do 24 de maio de 2012, do 24 de xuño de 2013 e do 4 de febreiro de 2014, todas elas relativas a igualdade de dereitos das persoas Trans ou a os efectos colaterais de Directivas como a 2000/78/CE, do Consello, relativa o establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación. É necesario mencionar pola súa pertenza o



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia


caso das Directrices para promover e protexer o desfrute de todos os dereitos humanos das persoas (LGBTI), aprobadas polo Consello da Unión Europea o 24 de xuño de 2013 ou os informes da Axencia de Dereitos Fundamentais de la Unión Europea sobre a homofobia, transfobia e discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero dos anos 2010 e 2014.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma que a Constitución española no seu artigo 9.2, sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, o recoller a obrigaón que corresponde os poderes públicos de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social».

No desenrolo deste mandato ao respecto a identidade, o 15 de marzo de 2007 se promulgou a Lei reguladora da rectificación rexistral da mención relativa o sexo das persoas, que permite o cambio da inscrición relativa o sexo no rexistro civil e con elo o cambio do nome, da documentación oficial e do estatus cidadán adscrito o sexo rexistrado. A lei española do cambio de sexo rexistral desvincula por primeira vez o pleno exercicio dos dereitos civís vinculados o rexistro das cirurxías xenitais. Sen embargo, a lei quedou restrinxida a persoas maiores de idade e de nacionalidade española. Posteriormente chegarían leis máis avanzadas, como a de Arxentina (2012), que é a primeira en despatoloxizar de maneira completa a transexualidade.

O estado español, sen embargo, non se limitou o simple recoñecemento do cambio de sexo rexistral, pois son moitas as normas que proscriben a discriminación no traballo, e a identidade de xénero recibiu tutela igualmente na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo de protección a infancia e a adolescencia ou na recente reforma do Código Penal.

No ámbito autonómico desenroláronse ben leis específicas en Navarra (2009), País Vasco (2012), Andalucía (2014), Canarias (2014) e máis recentemente Madrid (2016) ou leis para o conxunto do colectivo LGTBI aquí en Galicia (2014), e tamén en Cataluña (2014) e Extremadura (2015),



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

dando un paso adiante o garantir, non só o recoñecemento da identidade de xénero nos respectivos territorios, se non engadir igualmente unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da integración das persoas Trans na sociedade.

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, homosexuais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. O obxecto desta lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais. Esta lei galega é claramente insuficiente e inxusta cara os dereitos e liberdades das persoas Trans, xa que o único artigo que fai referencia expresamente o colectivo Trans, fala de que o acceso aos tratamentos médicos requiridos, estarase a mercé dun criterio clínico.

Resulta por todo o exposto, esencial, o recoñecemento legal do dereito a identidade de xénero de toda persoa en un exercicio libre e sen presións legais ou sociais como corolario dos Dereitos constitucionais da igualdade de todas as persoas e o libre desenvolvemento da súa personalidade. E como concreción de dito recoñecemento, garantir que a lei aplicable das persoas non as patoloxiza ou somete a condición de prexuízo sobre a súa capacidade, dignidade e habilidades.

Esta lei segue na súa definición de identidade de xénero e expresión de xénero o criterio da Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea que a súa vez obtivo a definición tras un extenso traballo de consulta con as principais organizacións Trans europeas e internacionais. O concepto de identidade de xénero refírese a vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa a sente profundamente, incluíndo a vivencia persoal do corpo, e outras como a vestimenta, o modo de falar e os modais. A identidade de xénero está xeralmente acompañada do desexo de vivir e recibir aceptación como membro de dito xénero, e incluso do desexo irrenunciable de modificar, mediante métodos hormonais, cirúrxicos ou de outra índole, o propio corpo, para facelo o máis congruente posible con xénero sentido como propio, cando non se corresponde con asignado ao nacer.

PARLAMENTO DE GALICIA REGISTRO XERAL ENTRADA 05 MAI. 2017 Núm. 8701
--



Grupo Parlamentario


Partido dos
Socialistas
de Galicia

A presión social, familiar e o ámbito laboral, por outro lado, poden crear situacións nas que é conveniente o apoio psicolóxico para unha mellor auto integración do proceso de cambio e empoderamento para facer fronte a dita presión. Todo iso, sen embargo, ha de facerse a requirimento da persoa interesada e sen un sometemento a patróns fixos de manifestación da sexualidade ou da identidade, xa que cada persoa é única nas súas características e vivencias ao respecto. Ha de entenderse que a maioría das persoas Trans non demandan que se lles preste apoio médico porque se sintan enfermas se non porque necesitan adaptar o seu corpo a súa identidade de xénero polos obstáculos sociais que encontran o seu libre desenrolo como persoas que realizan una manifestación libre do seu xénero. As persoas Trans sen embargo, non son un colectivo homoxéneo nin nas súas pretensións respecto a manifestación da súa identidade no campo social, nin nos seus requirimentos da asistencia, polo que non procede impoñer itinerarios únicos ou modelos estereotipados de identidade que poidan converterse a súa vez en vulneracións dos dereitos de ditas persoas.

A presente lei, promove unha atención médica e social integral baseada no principio de respecto a libre manifestación da identidade de xénero de todas as persoas, nunha base de respecto a igualdade e a dignidade de todos elas. Así mesmo, se pretende que sexa un instrumento de normalización da transexualidade, como realidade visible, co fin de evitar que haxa persoas Trans que oculten a súa condición por temor a desaprobación social, así como outras consecuencias negativas da súa visibilidade social, para empezar a sentar as bases dun cambio necesario na concepción de dita realidade.

Esta lei estruturase nun título preliminar, trece títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, e dúas disposicións finais.

O Título Preliminar dedicado ás disposicións xerais, contén unha serie de disposicións de carácter xeral nas que se recollen o obxecto da lei, seu ámbito de aplicación e unhas definicións para facilitar a interpretación da norma, así como os principios de actuación das administracións públicas galegas en materia de identidade e expresión de xénero.



Grupo Parlamentario


Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Título I, Tratamento administrativo da identidade de xénero, establece a creación dunha documentación administrativa necesaria para evitar situacións de sufrimento por exposición pública ou discriminación, garante o dereito a un servizo de asesoramento e apoio as persoas Trans, as súas familias e persoas achegadas, establece os principios da actuación administrativa en materia de identidade de xénero, e crea o consello Consultivo Trans da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Título II, Atención sanitaria ás persoas Trans establece o dereito á saúde e á asistencia sanitaria as persoas Trans, establecendo seus dereitos nesta materia e a carteira de servizos a que terán acceso, incluíndo os tratamentos a menores Trans. Para facelo efectivo se crean as Unidades asistenciais de referencia para a Identidade de Xénero que respectaran a libre determinación de xénero sentido das persoas Trans, e se establecen una serie de medidas para a formación de profesionais, a realización de guías de recomendacións e o establecemento de estatísticas.

No caso das persoas intersexuais, garantirase a integridade corporal dos menores intersexuais hasta que definan a súa identidade sentida e se lles ofrezca protección da súa intimidade e dignidade fronte as prácticas de exposición e análises de carácter abusivo, xa que sen coñecemento da identidade de xénero sentida da persoa intersexual, calquera intervención cirúrxica que asimile o menor a unha identidade pode ser una autentica castración traumática.

O Título III, Medidas no ámbito da educación, se establecen as actuacións en materia de identidade de xénero, expresión de xénero e diversidade sexual no ámbito educativo. Entre elas, un protocolo de atención educativa de identidade de xénero, que respecte a identidade sentida das persoas Trans nos centros educativos, a adopción de medidas para incorporar contidos educativos sobre a identidade e expresión de xénero, a diversidade sexual e familiar, en todos os niveis educativos, nos diferentes ciclos formativos e accións de formación e de divulgación, e a súa integración no currículo educativo autonómico. Tamén se establecen acciones no ámbito universitario, como o impulso da investigación sobre a identidade e a expresión de xénero.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Título IV, Medidas no ámbito laboral e de Responsabilidade Social Empresarial, establece as medidas efectivas no ámbito laboral e de responsabilidade social, incluíndo políticas de fomento da igualdade e non discriminación no emprego para o colectivo de persoas Trans.

O Título V, Medidas no ámbito social, establécense as medidas para a inserción social das persoas Trans, medidas de apoio e protección en situacións de especial vulnerabilidade, estender a tutela ofrecida ás vítimas de violencia de xénero ás mulleres transexuais, de tutelar aos menores expulsados dos seus fogares con respecto á súa libre manifestación de identidade de xénero, e a atención ás vítimas de violencia por transfobia.


O Título VI, Medidas no ámbito familiar, se inclúen as medidas de apoio a diversidade familiar, e o recoñecemento como violencia familiar a producida dentro da familia por causa da identidade de xénero.

O Título VII, Medidas no ámbito da mocidade e das persoas maiores, establece medidas de protección, para a mocidade e as persoas dunha idade avanzada pertencentes o colectivo Trans.

O Título VIII, Medidas no ámbito do lecer, a cultura e o deporte, establece medidas para a promoción dunha cultura inclusiva, diversa e promotora de dereitos, que garante a plena igualdade e a non discriminación das persoas Trans no ámbito da práctica deportiva, e da actividade física.

O Título IX, Medidas no ámbito da Cooperación Internacional, expresa o compromiso de Galicia co dereito á vida, a igualdade e a liberdade daquelas persoas que sofren pola súa identidade de xénero persecución violencia ou criminalización nos países onde devanditos dereitos son negados ou ignorados.

O Título X, Comunicación, establece as competencias autonómicas a promoción da concienciación, divulgación e transmisión da inclusión social e o respecto á identidade e expresión de xénero, contribuíndo a un trato do colectivo exento de estereotipos.




O Título XI, Medidas no ámbito de seguridade e a privación de liberdade, establece un protocolo de atención á identidade de xénero nas forzas de seguridade, destinado en especial a paliar as consecuencias que sofren quen é vítimas dos delitos de odio por razón da súa identidade, e establecer unhas medidas necesarias para as persoas que están privadas da súa liberdade nos centros penais da comunidade.

O Título XII, Medidas administrativas para garantir a igualdade na atención a identidade de xénero, onde establece os principios aplicables á contratación administrativa, concesión de subvencións, formación dos funcionarios e persoal público, así como o compromiso de que as futuras normas da comunidade valoren o seu posible impacto normativo en cuestións pertinentes a discriminación por identidade de xénero.

O Título XIII, Infraccións e Sancións, establece a regulación das infraccións administrativas en materia de vulneración dos dereitos das persoas Trans.

Por último a lei conta cunha disposicións adicional relativa os prazos de residencia a efectos do cobro de rendas pertencentes a administracións publicas galegas, unha Disposición transitoria, unha Disposición Derrogatoria, e dúas Disposicións Finais.

Con esta lei, Galicia dá amparo e recoñecemento ao esforzo que as organizacións sociais, asociacións LGBTQI, os partidos políticos, as familias, e as persoas Trans desta comunidade fixeron durante anos, para que o respecto, á igualdade, e dignidade de todos os cidadáns de Galicia, sexa unha realidade sen exclusións.



Grupo Parlamentario


TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Definicións:

Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por:

- 1.- Identidade sexual e/ou de xénero: a vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa sente e autodeterminase, sen que deba ser definida por terceiros, podendo corresponder ou non co sexo asignado o nacer, e podendo involucrar a modificación da aparencia ou a función corporal a través de medios farmacolóxicos, cirúrxicos ou doutra índole, sempre que iso sexa libremente escollido.
- 2.- Trans: Toda aquela persoa que se identifica cun xénero diferente ou que expresa a súa identidade de xénero de maneira diferente ao xénero que lle asignaron ao nacer. Para os efectos desta Lei e sen prexulgar outras acepcións sociais o termo Trans ampara múltiples formas de expresión da identidade de xénero ou subcategorías como transexuais, transxénero, travestís, variantes de xénero, queer ou persoas de xénero diferenciado, así como a quen define o seu xénero como "outro" ou describen a súa identidade nas súas propias palabras.
- 3.- Intersexualidade: variedade de situacións nas cales, unha persoa nace cunha anatomía reprodutiva ou sexual que non parece encaixar nas definicións típicas de masculino e feminino.
- 4.- Discriminación directa: hai discriminación directa cando unha persoa fose , sexa ou poida ser tratada de modo menos favorable que outra en situación análoga ou comparable, por motivos de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero ou pertenza a grupo familiar.
- 5.- Discriminación indirecta: hai discriminación indirecta cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por motivos de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero.
- 6.- Discriminación múltiple: hai discriminación múltiple cando ademais de discriminación por motivo de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero ou pertenza a grupo familiar, unha persoa sofre conxuntamente discriminación por outro motivo recollido na lexislación europea, nacional ou autonómica. Especificamente terase en conta que a posible discriminación por expresión, identidade de xénero, pódase sumar a pertenza a colectivos como os inmigrantes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- 7.- Discriminación por asociación: hai discriminación por asociación cando unha persoa é obxecto de discriminación como consecuencia da súa relación cunha persoa, un grupo ou familia Trans.
- 8.- Discriminación por erro: situación na que unha persoa ou un grupo de persoas son obxecto de discriminación por orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero como consecuencia dunha apreciación errónea.
- 9.- Acoso discriminatorio: será acoso discriminatorio calquera comportamento ou conduta que por razóns de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero, ou pertenza a grupo familiar, realícese co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade, e de crear unha contorna intimidatorio, hostil, degradante, ofensivo ou segregado.
- 10.- Represalia discriminatoria: trato adverso ou efecto negativo que se produce contra unha persoa como consecuencia de a presentación de unha queixa, unha reclamación, unha denuncia, unha demanda ou un recurso, de calquera tipo, destinado a evitar, diminuír ou denunciar a discriminación ou o acoso ao que está sometida ou foi sometida.
- 11.- Vitimización secundaria: considérase vitimización secundaria ao prexuízo causado ás persoas que fagan expresión da súa identidade de xénero que, sendo vítimas de discriminación, acoso ou represalia, sofren as consecuencias adicionais da mala ou inadecuada atención por parte dos responsables administrativos, institucións de saúde, policía ou calquera outro axente implicado.

Artigo 2.- Ámbito da lei.

- 1.- A presente lei será de aplicación a calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, calquera que sexa o seu domicilio ou residencia, que se atope ou actúe no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2.- O Parlamento de Galicia, as entidades locais ou provinciais de Galicia, así como calquera entidade de dereito público ou privado vinculada ou dependente das mesmas, garantirán o cumprimento da lei, e promoverán as condicións para facelas efectivas no ámbito das súas respectivas competencias. Neste sentido, apoiarán accións afirmativas sobre identidade de xénero, así como ao apoio do movemento asociativo da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus propios proxectos.

05 MAI. 2017



Grupo Parlamentario

Núm. 8701

En atención ás particulares condicións que concorren nos centros penais, os poderes públicos de a Comunidade Autónoma promoverán, no ámbito das súas competencias, especial atención ao deseño e establecemento de protocolos de prevención, atención e asistencia ás persoas lesbianas, homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero ou intersexuais presentes nos mesmos, ao obxecto de garantir a igualdade e non discriminación, e a actuar na medida das súas competencias para favorecer os traslados necesarios, para que estas persoas cumpran a súa condena, no centro penal, sección ou á que corresponda ao seu xénero libremente manifestado, se estas persoas así o piden.

3.- A presente lei aplicárase a:

- Todas as áreas da vida social
- Calquera etapa da vida das persoas.
- Todas as continxencias no transcurso da vida, como calquera cambio no estado civil, a formación dunha familia, a enfermidade, a incapacitación, a privación de liberdade ou a morte.


Artigo 3.- Obxecto.

A presente Lei ten por obxecto regular os principios, medidas e procedementos destinados a garantir os seguintes dereitos de todas as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia:

1.- O Dereito a:

- Ao recoñecemento da súa identidade de xénero libremente manifestada.
- Ao libre desenvolvemento da súa personalidade acorde a identidade ou expresión de xénero libremente manifestada sen sufrir presións ou discriminación por iso.
- A ser tratado de conformidade á súa identidade de xénero nos ámbitos públicos e privados, e en particular a ser identificado, e acceder a documentación acorde coa devandita identidade.
- A que se respecte a súa integridade física e psíquica así como as súas opcións en relación ás súas características sexuais e a súa vivencia da identidade ou expresión de xénero.

2.- O de garantir o dereito das persoas Trans a recibir da Comunidade Autónoma de Galicia unha atención integral e adecuada as súas necesidades médicas, psicolóxicas, xurídicas, sociais, laborais, culturais e do resto de dereitos fundamentais que poidan ser recoñecidos, en igualdade de trato co resto da cidadanía.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3.- Protexer o exercicio efectivo da súa liberdade e sen discriminación en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social, especialmente, nas seguintes esferas:

-Emprego e traballo por conta allea e por conta propia, comprendendo o acceso, as condicións de traballo, a promoción profesional e a formación para o emprego.

-Acceso, promoción, condicións de traballo e formación no emprego público.

-Afiliación e participación en organizacións políticas, sindicais, empresariais, deportivas, profesionais e de interese social ou económico.

-Sanidade, Educación, Prestacións e servizos sociais, cultura e deporte.

-Acceso a oferta e subministración de bens e servizos a disposición do público, incluída a vivenda.

O disposto na presente lei enténdese sen prexuízo dos réximes específicos máis favorables establecidos na normativa estatal ou autonómica, por razón das distintas causas de discriminación previstas na lei.

Artigo 4.- Recoñecemento do dereito á identidade de xénero libremente manifestada:

1.- Toda persoa ten dereito a construír para si unha autodefinición con respecto ao seu corpo, sexo, xénero e a súa orientación sexual. A orientación, sexualidade e identidade de xénero que cada persoa defina para si é esencial para a súa personalidade e constitúe un dos aspectos fundamentais da súa dignidade e liberdade. Ningunha persoa poderá ser presionada para ocultar, suprimir ou negar a súa identidade de xénero, expresión de xénero, orientación sexual ou características sexuais. No ámbito de aplicación desta lei, en ningún caso será requisito acreditar a identidade de xénero manifestada mediante informe psicolóxico ou médico, así como documentación identificativa de ningún tipo.

2.- Ningunha persoa será obxecto de requirimento algún de probas de realización total ou parcial de cirurxías xenitais, tratamentos hormonais ou probas psiquiátricas, psicolóxicas ou tratamentos médicos, para facer uso do seu dereito á identidade de xénero, ou acceder aos servizos, ou a documentación acorde a súa identidade de xénero sentida nas administracións públicas ou entidades existentes en Galicia.

3.- Quedan prohibidas nos servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia as terapias de aversión ou de conversión das manifestacións de

05 MAI. 2017

PSG
 PSOE



Grupo Parlamentario

Núm.

8701


identidade de xénero libremente manifestadas polas persoas, así como as cirurxías xenitais das persoas intersexuais que non obedezan á decisión da propia persoa afectada ou á necesidade de asegurar unha funcionalidade biolóxica por motivos de saúde.

Artigo 5.- Non discriminación por motivos de identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais.

- 1.- A Comunidade Autónoma de Galicia reconece a todas as persoas libres e iguais en dignidade e dereitos, con independencia da súa orientación sexual, da identidade e/ou expresión de xénero que manifeste ou das súas características sexuais.
- 2.- Ningunha persoa poderá ser obxecto de discriminación, acoso, penalización ou castigo por motivo da súa orientación sexual ou identidade de xénero. En particular, as persoas deben ser tratadas de acordo coa súa identidade de xénero manifestada, que é como a persoa preséntase ante a sociedade, con independencia do seu sexo legal, e así obrará a Comunidade Autónoma de Galicia en todos e cada un dos casos nos que esta participe.
- 3.- Para os efectos desta lei considérase prohibida toda forma de discriminación por razón de identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais incluíndo a discriminación, directa ou indirecta, por asociación e por erro, a discriminación múltiple, o acoso, a indución, orde ou instrución de discriminar, as represalias ou o incumprimento das medidas de acción positiva derivadas de obrigacións normativas ou convencionais, así como a victimización secundaria por inacción de quen ten un deber de tutela.

Artigo 6.- Menores Trans.

- 1.- As persoas Trans menores de idade teñen dereito a recibir da Comunidade de Galicia a protección e a atención necesarias para promover o seu desenvolvemento integral mediante actuacións eficaces para a súa integración familiar e social no marco de programas coordinados da administración sanitaria, laboral, de servizos sociais e educativa.
- 2.- As persoas Trans menores de idade teñen dereito a recibir o tratamento médico oportuno relativo a súa transexualidade. A atención sanitaria que se lles preste, en tanto que menores, farase de acordo co disposto na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de protección á infancia e a adolescencia,



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

en a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica, a convención de Dereitos do neno e con atención ao establecido nos protocolos das sociedades médicas e pediátricas internacionais.

3.- Os menores de idade Trans teñen dereito a ser oídos e expresar a súa opinión en atención á súa madurez e desenvolvemento en relación a toda medida que se lles aplique.

4.- Toda intervención da Comunidade Autónoma de Galicia deberá estar presidida polo criterio de atención ao interese superior do menor e dirixida a garantir o libre desenvolvemento da personalidade do menor conforme á identidade autopercebida, e a evitar situacións de sufrimento e indefensión.

5.- O amparo dos/das menores na presente lei producirase por mediación dos seus titores ou gardadores legais ou a través de servizos sociais de protección dos menores cando se aprecie a existencia de situacións de sufrimento e indefensión por negación abusiva da súa identidade de xénero.

TÍTULO I. TRATAMENTO ADMINISTRATIVO DA IDENTIDADE DE XÉNERO

Artigo 7.- Documentación administrativa.

1.- As administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias, deberán adoptar todas as medidas administrativas e de calquera outra índole que sexan necesarias a fin de asegurar que en todos e cada un dos casos e procedementos nos que participe a Comunidade Autónoma, obrarase tendo en conta que as persoas deben ser tratadas de acordo coa súa identidade de xénero, a que se corresponde co sexo ao que senten pertencer, así como que se respectará a dignidade e privacidade da persoa concernida e a heteroxeneidade do feito familiar.

Para as persoas transexuais inmigradas con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia, a documentación administrativa referida no parágrafo anterior entenderase vixente ata o momento no que poidan proceder ao cambio rexistral no país de orixe.

2.- Ao obxecto de favorecer unha mellor integración e evitar situacións de sufrimento por exposición pública ou discriminación, a Comunidade Autónoma de Galicia proverá a toda persoa que o solicite das acreditacións

05 MAI. 2017



Grupo Parlamentario

Núm. 8701

acordes á súa identidade de xénero manifestada que sexan necesarias para o acceso aos seus servizos administrativos e de toda índole.

3.- Devandito documento será identificativo para todas as tarefas da Administración pública e as empresas que traballe con ela.

4.-No documento especificarase o número de DNI ou NIF ou NIE, dirección, nome dos proxenitores, nome sentido da persoa interesada e os apelidos, e o sexo sentido da persoa que o solicita, ademais debe conter unha fotografía. A persoa solicitante poderá solicitar que non se realice ningunha referencia ao seu sexo.

5.- A rectificación do sexo sentido conforma á presente lei, unha vez realizada, só poderá ser novamente modificada con autorización xudicial.

6.- Regulamentariamente establecerase o procedemento de acreditación en base aos seguintes criterios:

-As solicitudes serán formuladas polas persoas interesadas ou no seu caso, polos seus representantes legais, no caso de menores de idade, polos seus titores ou gardadores legais ou a través de servizos sociais no seu caso.

-Os trámites para a expedición da documentación administrativa prevista na presente lei serán gratuítos, e non requirirán de intermediación algunha, e en ningún caso implicarán a obrigação de achegar ou acreditar calquera tipo de documentación médica ou patolóxizante.

-Garantirase que as persoas sexan tratadas de acordo coa súa identidade de xénero libremente manifestada e respectarase a dignidade e privacidade da persoa concernida.

-Non se alterará a titularidade xurídica dos dereitos e obrigacións que correspondan á persoa nin se prescindirá do número do documento nacional de identidade, sempre que este deba figurar. Cando pola natureza da xestión administrativa fágase necesario rexistrar os datos que obran en o documento nacional de identidade, recolleranse as iniciais do nome legal, os apelidos completos e o nome elixido por razóns de identidade de xénero.

-Habilitaranse os mecanismos administrativos oportunos e coordinados para adaptar os arquivos, bases de datos e demais ficheiros das Administracións, eliminando toda referencia a identificación anterior da persoa, fóra das referencias necesarias no historial médico confidencial a cargo do Sistema sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co establecido no punto anterior.

7.- A Comunidade Autónoma de Galicia facilitará o asesoramento necesario para realizar os cambios oportunos en ficheiros de organismos

05 MAI. 2017



Grupo Parlamentario

Núm. 8701

privados ou de carácter estatal, de acordo co recolleito na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 8.- Servizos de asesoramento e apoio ás persoas transexuais, os seus familiares e persoas achegadas.

1.- A Comunidade Autónoma de Galicia garantirá que as persoas Trans teñan acceso os servizos:

- De información, orientación e asesoramento, incluído o legal e de asistencia social con inclusión dos seus familiares e persoas achegadas en relación cas necesidades de apoio especificamente ligadas á condición de persoa Trans seguindo os principios de proximidade e non segregación.
- De promoción da defensa dos dereitos deste colectivo e de loita contra a discriminación que este padece no ámbito social, cultural, laboral e educativo.

- De asesoramento dos técnicos ou cadros directivos das organizacións non lucrativas que atendan ás necesidades das persoas Trans.


2.- Toda persoa cunha identidade de xénero que sexa a de muller e acredite tal condición de conformidade co disposto no artigo 3, e sexa vítima da violencia machista ou vítima de trata, terá acceso, en condicións de igualdade, aos recursos asistenciais existentes.

3.- Os servizos referidos no presente artigo atenderán tamén de forma específica ás persoas intersexuais.

Artigo 9.- Confidencialidade e respecto á privacidade:

1.- A Comunidade Autónoma de Galicia velará polo respecto á confidencialidade dos datos relativos á identidade de xénero das persoas Trans en todos os seus procedementos.

2.- Como consecuencia da expedición da documentación citada no artigo 7 ou da rectificación de sexo rexistral, a Comunidade Autónoma habilitará os mecanismos administrativos oportunos e coordinados para a cancelación no prazo máximo dun ano do acceso aos datos que obraban en arquivos, bases de datos e demais ficheiros pertencentes ás administracións establecidas na Comunidade Autónoma de Galicia de toda referencia á identificación anterior da persoa ou a calquera dato que faga coñecer a súa realidade Trans, excepción feita das referencias necesarias no historial médico confidencial da persoa a cargo do Servizo Galego de Saúde.



Grupo Parlamentario

3.- A Comunidade Autónoma de Galicia garantirá o adecuado nivel de seguridade e restrición no acceso aos datos relativos á condición de persoa Trans.

4.- Garántese o dereito de todas as persoas beneficiarias desta lei ao acceso, corrección e cancelación dos seus datos persoais en poder das administracións públicas e das entidades privadas galegas, conforme ao establecido no apartado anterior, e á normativa vixente sobre protección de datos.

Artigo 10.- Medidas contra a transfobia.

As administracións públicas galegas, en colaboración coas asociacións que traballan no ámbito da identidade de xénero:

- 1.- Deseñarán, implementarán e avaliarán sistematicamente unha política proactiva en relación a mellor integración social das persoas transexuais. Dita política estará dotada dos instrumentos e estruturas necesarias para facela viable e ostentará carácter transversal.
- 2.- Desenvolverán e implementarán programas de capacitación, sensibilización ou outros dirixidos a contrarrestar entre o persoal funcionario, laboral, estatutario e sanitario das administracións e dos organismos, sociedades e entes públicos galegos as actitudes discriminatorias, os prexuízos e os estereotipos dominantes por motivos de identidade de xénero.
- 3.- Empezarán campañas de sensibilización, dirixidas ao público en xeral, co fin de combater os prexuízos subxacentes a violencia relacionada coa identidade de xénero, e para obter o respecto efectivo da identidade de xénero das persoas Trans.
- 4.- Realizarán campañas entre a propia poboación de persoas Trans fomentando a autoestima e o sentido da propia dignidade fronte ás posibles reaccións adversas da contorna social e familiar.
- 5.- Defenderán eficazmente en materia de identidade de xénero o tratamento pluralista, a non difusión dos prexuízos que conducen á discriminación ou que incitan á violencia por motivos de orientación sexual ou de identidade de xénero nos medios de comunicación de titularidade pública ou privada.
- 6.- Apojarán o recoñecemento e a acreditación de asociacións, colectivos e organizacións que promoven e protexen os dereitos das persoas Trans.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL UNIFICADO	
05 MAI. 2017	
NÚM.	8701



Grupo Parlamentario

7.- Fomentarán incluíndo na planificación e subvención de actividades académicas e de investigación, que as universidades da comunidade atendan á formación e a investigación en materia de identidade de xénero, establecendo convenios de colaboración se iso fose aconsellable, para:

-Impulsar a investigación e a profundización teórica, sobre a realidade humana da identidade de xénero.

-Elaborar estudos sociolóxicos e doutra índole sobre a realidade social das persoas Trans.

-.Orientar e axudar nos plans de formación e de emprego das persoas Trans.

- Elaborar plans de formación para profesionais sanitarios e doutras ramas do coñecemento que entran en contacto coa transexualidade.

8.- Incentivarán de maneira activa a participación social e unha maior integración no ámbito lúdico e deportivo.

Artigo 11.- Principios da actuación administrativa en materia de identidade de xénero.

1.- Poderase establecer, nos pregos de cláusulas administrativas particulares, a preferencia na adxudicación dos contratos para as proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, desenvolver medidas destinadas a lograr a igualdade de oportunidades en atención á identidade e expresión de xénero.

2.- Así mesmo, a Xunta de Galicia poderá incorporar ás bases reguladoras das subvencións públicas a valoración de actuacións de efectiva consecución da igualdade das entidades solicitantes.

Artigo 46.- Formación de empregados públicos.

No ámbito da Administración autonómica impartirase unha formación que garanta a sensibilización adecuada, e correcta actuación dos profesionais que prestan servizos nos ámbitos da saúde, a educación, o mundo laboral,

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
05 MAI 2017
Núm. 8701



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

familia e servizos sociais, os corpos de policía local, lecer cultura e deporte e comunicación, sempre respectando o xénero sentido das persoas Trans.

Artigo 47.- Avaliación de impacto normativo sobre a identidade ou expresión de xénero.

1.- As normas e resolucións da Comunidade Autónoma de Galicia incorporarán a avaliación do impacto sobre identidade de xénero no desenvolvemento das súas competencias, para garantir a integración do principio de igualdade, e non discriminación por razón de identidade de xénero ou expresión de xénero.

Artigo 48.- Medidas de remoción e cesamento e indemnización.

A protección fronte calquera violación do dereito a igualdade das persoas por motivo de identidade ou expresión de xénero comprenderá, no seu caso, a adopción de cantas medidas sexan necesarias para o cesamento inmediato na conduta discriminatoria, adopción de medidas cautelares, prevención de violacións inminentes ou posteriores, indemnización de danos e prexuízos, e restablecemento pleno da persoa prexudicada no pleno exercicio dos seus dereitos.


Artigo 49.- Concepto de interesado.

1.- Terán a condición de interesados no procedemento administrativo:

- Quen o promova como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- As asociacións entidades e organizacións representativas dos colectivos de persoas Trans, e aquelas que teñan por obxecto a defensa e promoción de dereitos humanos, serán titulares de intereses lexítimos colectivos.
- Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo adóptese.

Artigo 50.- Investimento da carga da proba.

1.- Nos procesos autonómicos, cando a persoa interesada achega feitos ou indicios razoables, fundamentados e probados por calquera medio de proba admitido en dereito, de sufrir discriminación por razón de identidade ou



expresión de xénero, corresponde a aquel quen se atribúe a conduta discriminatoria, a achega de xustificación probada, obxectiva e razoable das medidas adoptadas.

2.- O previsto no apartado primeiro deste artigo non será de aplicación aos procesos penais, nin aos procedementos administrativos sancionadores.

TÍTULO XIII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 51.- Responsabilidade.

1.- Serán responsables das infraccións administrativas en materia de vulneración dos dereitos das persoas Trans e intersexuais as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas pola realización das accións ou omisións tipificadas na presente lei. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde e das atribucións inspectoras e sancionadoras que no ámbito laboral poida exercer a Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2.- Cando o cumprimento das obrigacións previstas nesta lei corresponda a varias persoas conxuntamente, estas responderán de maneira solidaria das infraccións que cometan e das sancións que se impoñan.

Artigo 52.- Concorrenza coa orde xurisdiccional penal.

1.- Non poderán sancionarse os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, de feito e de fundamento.

2.- Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas de ilícito penal, a Administración pasará o tanto de culpa ao órgano xudicial competente, ou ao Ministerio Fiscal, e absterase de seguir o procedemento sancionador, mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme ou resolución que poña fin ao procedemento, ou mentres o Ministerio Fiscal non comunique a improcedencia de iniciar ou proseguir actuacións.

3.- De non estimarse a existencia de ilícito penal, ou no caso de ditarse resolución doutro tipo que poña fin ao procedemento penal, a Administración continuará o expediente sancionador en base aos feitos que os tribunais considerasen probados.



05 MAI. 2017

NUM. 8701

Artigo 53.- Infraccións.

1.- As infraccións administrativas cualifícanse como leves, graves e moi graves, en atención á natureza da obrigaón incumplida e á entidade do dereito afectado.

2.- Son infraccións administrativas leves:

-Utilizar ou emitir expresións vexatorias contra as persoas ou as súas familias pola súa identidade ou expresión de xénero na prestación de servizos públicos, en calquera medio de comunicación, en discursos ou intervencións públicas, ou nas redes sociais.

-Non facilitar o labor ou negarse parcialmente a colaborar coa acción investigadora dos servizos de inspección da Comunidade Autónoma de Galicia no cumprimento dos mandatos establecidos na presente lei.

3.- Son infraccións graves:


-A reiteración no uso ou emisión de expresións vexatorias por razón de identidade ou expresión de xénero na prestación de servizos públicos, en calquera medio de comunicación, en discursos ou intervencións públicas, ou nas redes sociais.

-O uso ou emisión de expresións que inciten á violencia contra as persoas Trans ou as súas familias, na prestación de servizos públicos, en calquera medio de comunicación, en discursos ou intervencións públicas, ou nas redes sociais.

-A non retirada inmediata por parte do prestador dun servizo da sociedade da información, de expresións vexatorias, ou de incitación á violencia por razón de identidade ou expresión de xénero, contidas en sitios web ou redes sociais das que sexa responsable, unha vez teña coñecemento efectivo do uso desas expresións.

-A realización de actos ou a imposición de disposicións ou cláusulas nos negocios xurídicos que constitúan ou causen discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

-A obstrución ou negativa absoluta a actuación dos servizos de inspección da Comunidade Autónoma de Galicia no cumprimento dos mandatos establecidos na presente lei.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

-Impedir ou obstaculizar a realización de calquera trámite administrativo ou o acceso a un servizo público ou establecemento, por causa de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

-Realizar actos que impliquen illamento, rexeitamento ou menosprezo público e notorio de persoas por causa de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

-A implantación, o impulso ou a tolerancia de prácticas laborais discriminatorias en empresas que reciban subvencións, bonificacións ou axudas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A elaboración, utilización ou difusión en centros educativos da Comunidade Autónoma de libros de texto e materiais didácticos, que presenten as persoas como superiores ou inferiores en dignidade humana en función da súa orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, ou que inciten á violencia por este motivo.


4.- Son infraccións moi graves:

-Adoptar comportamentos agresivos ou constitutivos de acoso, realizados en función da orientación sexual, identidade ou expresión de xénero dunha persoa, que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a súa dignidade, creando unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo para a mesma.

-Calquera represalia ou trato adverso que reciba unha persoa como consecuencia de presentar a mesma unha queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso de calquera tipo, destinado a impedir a súa discriminación e a esixir o cumprimento efectivo do principio de igualdade.

-A negativa para atender ou asistir de maneira efectiva a quen sufrise calquera tipo de discriminación ou abuso por razón da súa identidade ou expresión de xénero cando pola súa condición ou posto teña obriga de atender á vítima.

5.- Respecto das infraccións leves e graves, a discriminación múltiple incrementará, respecto de cada unha das accións concorrentes, un grao o tipo infractor previsto na lei. A estes efectos enténdese por discriminación múltiple cando ademais de discriminación por motivo de expresión ou identidade de xénero, unha persoa sofre conxuntamente discriminación por outro motivo.



Grupo Parlamentario

Artigo 54.- Reincidencia.

Para os efectos do previsto nesta lei, existirá reincidencia cando o responsable ou responsables da infracción prevista nela, fosen sancionados anteriormente mediante resolución firme pola realización dunha infracción contida nesta lei no prazo de dous anos, contados desde a notificación daquela.

Artigo 55.- Sancións.

1.- As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou con multa de 300 a 3.000 euros, en caso de existir reincidencia esta será sancionada con multa de 300 a 3.000 euros.

2.- As infraccións graves serán sancionadas con multa de 3.001 ata 20.000 euros. Ademais, poderán impoñerse como sancións accesorias algunha ou algunhas das seguintes:

-Prohibición de acceder a calquera tipo de axuda pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia por un período dun ano.

-Prohibición de contratar coa administración, os seus organismos autónomos ou entes públicos por período dun ano.

3.- As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 20.001 ata 45.000 euros, e ademais poderá impoñerse algunha ou algunhas das sancións accesorias seguintes:

-Prohibición de acceder a calquera tipo de axuda pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia por un período de ata tres anos.

-Inhabilitación temporal, por un período de ata tres anos, para ser titular, persoa física ou xurídica, de centros ou servizos dedicados á prestación de servizos públicos.

-Prohibición de contratar coa administración, os seus organismos autónomos ou entes públicos por un período de ata tres anos.


Artigo 56.- Gradación das sancións.

1.- Para a gradación das sancións terase en conta:

-A natureza e gravidade dos riscos ou prexuízos causados ás persoas ou bens.

-A intencionalidade do autor.

-A reincidencia.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia


- A discriminación múltiple e a victimización secundaria.
 - A transcendencia social dos feitos ou a súa relevancia.
 - O beneficio que obtivese o infractor.
 - O incumprimento das advertencias ou requirimentos que previamente realizase a Administración.
 - A pertenza da persoa infractora a forzas e corpos de seguridade.
 - A pertenza da persoa infractora a un grupo organizado de ideoloxía claramente LGTBQIfóbica.
 - A reparación voluntaria dos danos causados ou a corrección dos feitos que deron lugar a comisión do tipo infractor, sempre que iso teña lugar antes de que recaia unha resolución definitiva.
- 2.- Para a imposición das sancións pecuniarias e para a determinación da súa contía, deberá terse en conta que a comisión das infraccións non resulte máis beneficiosa para o infractor ou os infractores, que o cumprimento das normas infrinxidas.

Artigo 57.- Prescrición.

- 1.- As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos nove meses.
- 2.- O prazo de prescrición das infraccións comezará a computarse dende o día seguinte a aquel en que cometeuse a infracción.
- 3.- As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos dous anos, as graves ao ano, e as leves aos seis meses.
- 4.- O cómputo da prescrición das sancións comezará a correr dende que adquira firmeza a resolución que impoña a sanción.

Artigo 58.- Competencia.

- 1.- A imposición das sancións previstas, esixirá a previa incoación do correspondente expediente sancionador, que incluíra unha instrución correspondente ao titular do Servizo de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral competente en materia de non discriminación ás persoas, por motivos de identidade e expresión de xénero.
- 2.- Se durante a tramitación do expediente sancionador comprobábase que a competencia corresponde a outra Administración pública, darase traslado do expediente a Administración pública competente para a súa tramitación.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3.- A competencia para a imposición de sancións previstas na presente lei corresponderá:

-A persoa que ostente a titularidade da Secretaría Xeral competente, en materia de non discriminación de persoas por motivos de identidade e expresión de xénero, cando se trate da imposición de sancións por infraccións leves.

-A persoa titular da consellería con competencias en materia de non discriminación de persoas por identidade e expresión de xénero, cando se trate de imposición de sancións por infraccións graves.

-A Xunta de Galicia para a imposición de sancións por infraccións moi graves.

Artigo 59.- Procedemento sancionador.


A potestade sancionadora exercerase de conformidade co que dispoñen a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Non discriminación por motivos de identidade de xénero no cómputo do prazo de residencia para ser beneficiario de calquera renda pertencente os servizos públicos galegos, o igual que nos casos de traslados fóra da comunidade autónoma derivados de situacións constatadas de malos tratos familiares, de tratamentos socio-sanitarios, de rehabilitación como consecuencia de medidas especiais de protección en procedementos xudiciais, ou polo tratamento derivado da atención a persoas Trans, ou por cumprimento de condena en establecementos penais radicados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango emanadas dos órganos da Comunidade Autónoma de Galicia opóñanse ao previsto na presente lei.



DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Desenvolvemento regulamentario:

- 1.- Autorízase a Xunta de Galicia a dispoñer e asinar os convenios necesarios para o desenvolvemento desta lei con aquelas institucións e administracións que resulten competentes e oportunas.
- 2.- Se autoriza a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias foran necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.
- 3.- As medidas contempladas na presente lei, que en virtude do seu desenvolvemento regulamentario impliquen a realización de gastos, serán orzadas con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma do exercicio seguinte a entrada en vigor das disposicións adoptadas para a súa aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/05/2017 10:16:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2017 10:16:38

05 MAI. 2017

Núm. 8701

ANTECEDENTES

A Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional estableceu que, aínda que o artigo 14 non contén unha referencia explícita á discriminación derivada da orientación sexual do individuo, esta é, indubidablemente, unha circunstancia incluída na cláusula «calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social», á que debe ser referida a interdicción da discriminación.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma que a Constitución española no seu artigo 9.2, sintan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, ao recoller a obrigaición que corresponde aos poderes públicos de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social».


A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Desde a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.

Este recoñecemento implícito da Declaración Universal faise explícito con respecto ás persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que deben ser tomadas en consideración, como os Principios de Yogyakarta. A ONU e a UE estableceron principios internacionais con respecto á homosexualidade, vinculantes para os seus Estados Membros. No ano 1994, o Comité de Dereitos Humanos de Nacións Unidas ditaminou que a prohibición e consecuente penalización dos comportamentos homosexuais vulneraban os dereitos á privacidade e á non discriminación.

No ano 2000, a UE, no artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, censura legalmente a discriminación por motivos de orientación sexual: «Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual».

A Resolución do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo, sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gais, insta a todos os Estados Membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas, en todas as disposicións xurídicas e administrativas. Neste sentido, tamén se pronunciou a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006, que pide aos Estados Membros que tomen calquera medida que consideren adecuada para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual. Existe, como se acaba de sinalar, abundante lexislación internacional que consagra a igualdade como principio fundamental, e particularmente a igualdade independentemente da orientación sexual dos individuos.

No ano 2011, o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou a primeira resolución na que se recoñecen os dereitos do colectivo LGTB e unha



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero. Nesa resolución, o Consello facíalle ademais unha petición expresa á Oficina do Alto Comisionado da ONU para os Dereitos Humanos, co fin de documentar as leis discriminatorias e os actos de violencia por razón de orientación sexual e identidade de xénero en todo o mundo e de propoñer as medidas que se deben adoptar.

Dese informe resultou que os gobernos e os órganos intergubernamentais habían descoidado a miúdo a violencia e a discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero, e concluíron que o Consello debía promover «o respecto universal pola protección de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais de todas as persoas, sen distinción de ningún tipo, e dunha maneira xusta e equitativa» e establecer unha serie de recomendacións aos Estados Membros, entre outras, que «promulguen lexislación ampla de loita contra a discriminación que inclúa a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero entre os motivos prohibidos e recoñeza as formas de discriminación concomitantes e que velen por que a loita contra a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero inclúase nos mandatos das institucións nacionais de dereitos humanos».

España incorporou á súa normativa directivas europeas e ratificou tratados e protocolos internacionais que prohiben toda discriminación por causa da orientación sexual. Na lexislación nacional cabe destacar a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que adecúa a lexislación nacional á Directiva 2000/43/CE e á Directiva 2000/78/CE, e procede a súa transposición ao noso dereito. Esta lei busca a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación e fai mención expresa á realizada por razón de orientación sexual. Mediante as medidas incluídas nesa lei estableceuse un marco legal xeneral para combater a discriminación en todos os ámbitos, abordouse a definición legal da discriminación, directa e indirecta, e modernizouse a regulación da igualdade de trato e da non discriminación no traballo; así, a Lei 13/2005, do 1 de xuño, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, ou a Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
05 MAI 2017
NÚM: 870-1



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En Galicia, os principios de liberdade e igualdade do individuo aparecen recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia, e son moitas as normas que consagran a igualdade, independentemente do estado civil ou da orientación sexual; por citar algunha, a Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia. De especial relevancia é a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuales en Galicia.

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da “Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia**.

Exposición de motivos

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social.

Fronte a un escenario dixital que ameaza con novas discriminacións sociais e un panorama comercial cada vez máis concentrado e oligopolista de medios comerciais privados, que esixiría como contrapeso un servizo público forte e participativo, a RTVG perdeu rapidamente o seu peso e influencia social. Como exemplo, a cota de pantalla da TVG-1 afundiuse do 15,5 % do ano 2008 ao 9,3 % de 2015. É necesario traballar cara un novo concepto de RTVG. A crise de credibilidade, marca e modelo da RTVG ten que dar paso a unha nova televisión moderna, fusión da Galicia urbana coa rural, e que responda á verdadeira demanda social.

A maiores, hoxe a radiotelevisión pública galega é claro exemplo dunha manipulación sistemática. Oito anos de Goberno do Sr. Feijoo deron como resultado a falta dun mandato claro de contidos e dos duros retallos do seu financiamento. A manipulación endémica da RTVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz da mesma e desnaturaliza a súa misión democrática.

Para mudar esta situación, consideramos que a radiotelevisión pública galega deberá ter como base da súa actividade: a independencia, a estabilidade, responsabilidade, e participación da sociedade civil. Neste senso, os socialistas consideramos que é urxente tamén aumentar a participación dos traballadores e traballadoras para garantir o cumprimento dos obxectivos de independencia editorial e de calidade, para o cal cumpre poñer en marcha todos os instrumentos para garantir a independencia informativa, e a súa defensa respecto a toda presión externa, gobernamental ou privada.

Artigo Único: Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Un. Modificación do artigo 23.4, que quedará redactado co seguinte texto:

“Esgotado o mandato, a directora ou director xeral continúa no exercicio das súas funcións ata o nomeamento da nova persoa elixida para o cargo. Esta prórroga non poderá superar o prazo de seis meses sen que sexa activado o procedemento previsto no artigo 23.2”

Dous. Derrógase a Disposición transitoria terceira

Tres. Modificación da Disposición transitoria cuarta, que quedará redactado co seguinte texto.

“O procedemento de elección do director ou directora xeral da CRTVG será activado no Parlamento de Galicia no prazo improrrogable de 30 días hábiles a partir da aprobación desta lei.

A estes efectos, nese tempo, abrírase un prazo de 15 días hábiles para que os grupos parlamentarios podan formular esas propostas.

Concluído ese prazo, os candidatos ou as candidatas comparecerán ante a Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG co fin de examinar a idoneidade para o cargo, de acordo co Regulamento do Parlamento, en función previsto no artigo 14 da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. As comparecencias substanciaranse nun prazo improrrogable de 15 días hábiles.

Unha vez rematado ese proceso, procederase á primeira votación prevista no artigo 23.2 da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, incluíndoa na orde do día do primeiro pleno ordinario que se produza.

Catro. Adición dunha Disposición transitoria sexta. bis. Contratos Programa, que quedará redactado co seguinte texto:

“Dado o tempo transcorrido desde a aprobación do primeiro mandato marco, o primeiro contrato programa previsto no artigo 33 debería referirse ao período que se inicia en decembro de 2018.

Para o período comprendido entre a aprobación desta lei e decembro de 2018, o Consello de Administración negociará coa Xunta de Galicia un plan plurianual que incorpore os contidos previstos no artigo 33.2, da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Cinco Adición dunha Disposición transitoria sexta. ter. Estatuto Profesional, que quedará redactado co seguinte texto:

“O Consello de Administración, de acordo co previsto nos Estatutos da Corporación CRTVG, aprobará, no prazo improrrogable de 3 meses desde a aprobación desta lei, o Estatuto Profesional previsto no artigo 36, da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

 Grupo Parlamentario

O consello de informativos previsto no artigo 36.2, da Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, será constituído no prazo improrrogable de tres meses dende a aprobación do Estatuto Profesional”

Seis. Modificación da Disposición Final Quinta. Autoridade Audiovisual, que quedará redactado co seguinte texto:

“A Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento de Galicia, no prazo improrrogable de 3 meses, dende a entrada en vigor da presente lei, un proxecto de lei que regule ou encomende as función da autoridade audiovisual. Mentres non se aprobe a norma de referencia terá a consideración de autoridade audiovisual quen ata ese momento viñese exercendo tales función”

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz

ANTECEDENTES

- Constitución Española.
-
- Estatuto de Autonomía de Galicia

Grupo Parlamentario

- Lei 6/ 199, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 09/2011, do 09 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2017 10:51:54



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2017 12:36
Nº Rexistro: 8372
Data envío: 27/04/2017 12:36:46.587

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A actuación xudicial denominada “Operación Lezo” está a investigar a trama de corrupción xestada en torno á empresa pública madrileña “Canal de Isabel II” e ao financiamento ilegal do Partido Popular e o cobro de sobornos e comisións, e afecta tanto a destacados altos cargos do Partido Popular, como a destacados empresarios.

No marco desta operación, o xuíz ven de incluír como investigados (anteriormente imputados) a Juan Miguel Villar Mir, Presidente e Conselleiro Delegado do Grupo Villar Mir e dono do grupo OHL, e a Javier López Madrid, Vice-Presidente e Conselleiro Delegado do Grupo Villar Mir, así como tamén conselleiro de OHL, empresa pertencente ao Grupo Villar Mir.

O conglomerado de empresas baixo a presidencia de Villar Mir tivo e ten numerosos intereses empresariais no noso país. Ademais en actividades que teñen unha vinculación con decisións adoptadas desde o ámbito público, que finalmente se acordan no propio Goberno galego ou en órganos vinculados ao mesmo. Dunha banda, no sector da enerxía, a través de aproveitamentos hidráulicos ligados a actividades de ferroaleaxes como é o caso de Ferroatlántica S.L., que están sometidos a autorizacións administrativas da Xunta de Galiza, que xa foron obxecto de transferencia autorizada no seu día a favor das empresas dese grupo empresarial. Este é un caso de grande



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2017 12:36
Nº Rexistro: 8372
Data envío: 27/04/2017 12:36:46.587

relevancia xa que na actualidade está sobre a mesa a eminente solicitude de segregación das centrais por parte da empresa, co obxectivo de transferir a terceiros os aproveitamentos hidroeléctricos dos que é titular nos ríos Xallas e Grande, segregando deste xeito esta actividade da de ferroaleaxe en Cee e Dumbría. Doutra banda, ese grupo empresarial tamén é contratista do sector público en Galiza, sendo adxudicatario de diferentes obras, como por exemplo as adxudicacións da nova liña de atraque no porto vigués de Bouzas por 4,1 millóns de euros ou para a mellora do calado de Punta Langosteira por 785.000 euros; e tamén de concesións de servizos, como a adxudicación dos albergues do Camiño de Santiago polo procedemento negociado sen publicidade por unha contía de 1,1 millóns de euros.

Por último, cabe destacar que Juan Miguel Villar Mir é patrono e doante da Fundación Manuel Fraga. Como patrono da Fundación Manuel Fraga, financiou a rehabilitación da sede-edificio cunha “xenerosa doazón”, tal e como recolleron os medios de comunicación no seu momento.

En aras da transparencia, acceso á información pública e do bo goberno, consideramos que este Parlamento debe iniciar inmediatamente unha investigación exhaustiva de todas as autorizacións, os contratos, concesións, subvencións ou demais actos administrativos que relacionen á Xunta de Galiza coas empresas do Grupo Villar Mir, así como das condicións en que se produciron, co obxectivo de analizar a súa legalidade e derivar as posíbeis responsabilidades políticas ou outras que dos datos se poidan deducir.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución instar á Mesa do Parlamento a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2017 12:36
Nº Rexistro: 8372
Data envío: 27/04/2017 12:36:46.587

que, en virtude do artigo 52.1 do Regulamento, propoña a creación dunha comisión de investigación que terá por obxecto investigar as autorización, contratos, concesións e en xeral todas as relacións do Grupo Villar Mir co sector público galego, nomeadamente o seguimento, análise e investigación do intento de venda e segregación ilegal das centrais dos ríos Xallas e Grande.”

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/04/2017 12:14:43

Noa Presas Bergantiños na data 27/04/2017 12:14:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/04/2017 12:14:55



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2017 12:36
Nº Rexistro: 8372
Data envío: 27/04/2017 12:36:46.587

María Montserrat Prado Cores na data 27/04/2017 12:15:08

Xosé Luis Bará Torres na data 27/04/2017 12:15:12

Ana Pontón Mondelo na data 27/04/2017 12:15:16



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, SOLICITA atendendo ao acordo da Mesa do Parlamento do 2 de maio de 2017 (doc. núm. rex. saída 2.521) a seguinte **reformulación** da proposición non de lei para o seu debate en Pleno con número de rexistro **8372**, para que sexa admitida a trámite:

Na parte resolutiva propónse reformular o comezo do texto que quedaría da seguinte maneira: “O Parlamento de Galiza manifesta a súa vontade de que a Mesa do Parlamento, en virtude do artigo 52.1 do Regulamento, propoña a creación dunha comisión de investigación que terá por obxecto investigar as autorización, contratos, concesións e en xeral todas as relacións do Grupo Villar Mir co sector público galego, nomeadamente o seguimento, análise e investigación do intento de venda e segregación ilegal das centrais dos ríos Xallas e Grande.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2017 17:47:47



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 17:48
Nº Rexistro: 8550

Data envío: 02/05/2017 17:48:42.902

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A praia da Carabuxeira e o seu entorno (incluída a praia de Lavapanos) precisan obras para a súa recuperación e rexeneración. Non só a praia, senón tamén as vivendas e o muro de contención afectados pola construción do Porto Deportivo de Sanxenxo, na provincia de Pontevedra. A praia leva perdendo area de tal forma que cómpren xa medidas correctoras tendentes a evitar o progresivo deterioro de aporte de area á fachada marítima, previo estudo de impacto ambiental.

A finais da década dos anos 90 finalizaba a construción do dique de abrigo do Porto Deportivo de Sanxenxo a cargo da empresa construtora “Dávila Lago, SA”, con 110 metros adicionais que non estaban previstos e que foron declarados ilegais, aínda que as obras foron paralizadas cando xa estaban executadas. Cómpre lembrar que a ampliación do porto foi solicitada por Portos de Galicia. Despois de case 18 anos, este desastre medioambiental segue sen resolverse, a praia queda sen area, marea a marea, e corren perigo as cimentacións do muro e das vivendas -legais, por certo- que lindan coa praia e do muro de contención.

A maiores, existe un aval de case un millón de euros a cargo da empresa concesionaria (NAUTA SANXENXO, SL) -é dicir, depositado polo Concello de Sanxenxo-, a disposición e en mans da propia Administración de Costas do Estado e que debería ter sido executado xa en febreiro de 2016, segundo esta mesma administración. Mais non se ten feito.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Que, antes do remate do primeiro semestre de 2017, acometa -no ámbito das súas competencias propias- as obras para a recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira (Sanxenxo), o seu entorno natural (incluída a praia de Lavapanos), o muro de contención e as vivendas colindantes.

B) O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado e inste a que:

1. No ámbito das competencias estatais e antes do remate do primeiro semestre de 2017, acometa as obras necesarias para a recuperación e rexeneración.
2. Adopte as medidas correctoras tendentes a evitar o progresivo deterioro de aporte de area á mencionada fachada marítima, previo estudo de impacto ambiental.
3. Inclúa nos orzamentos para 2017 unha partida orzamentaria específica ou, no seu defecto, proceda á inmediata execución do aval de 901.518,16 euros que leva anos depositado polo Concello de Sanxenxo en mans da Administración de Costas do Estado.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Julio Torrado Quintela

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/04/2017 19:53:41

Julio Torrado Quintela na data 27/04/2017 19:53:47

Raúl Fernández Fernández na data 27/04/2017 19:53:51

María Luisa Pierres López na data 27/04/2017 19:53:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/04/2017 19:54:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:05
Nº Rexistro: 8403
Data envío: 28/04/2017 11:05:07.687

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A día de hoxe, e a tenor do que se nos comunicou respostando a dúas preguntas orais feitas en Comisión polo PS de G e BNG, hai tomadas diversas medidas para tentar controlar e erradica-la praga da couza da pataca dos 31 concellos afectados.

Sabemos que o decreto elaborado polo goberno do estado contempla indemnizacións para aqueles produtores de pataca que se dediquen á produción, comercio ou venda deste tubérculo, pero non así para aqueloutros que son produtores do mesmo para autoconsumo e que se ven prexudicados polas medidas tomadas nas zonas afectadas.

Ten especial incidencia naquelas familias azoutadas pola crise e con ingresos escasos.

Somos conscientes das dificultades que orixina este aspecto dadas as características especiais da nosa sociedade rural. A principal dificultade está na avaliación das perdas e a valoración das mesmas.

Afirmamos que ós galegos e galegas do rural que complementan a escasa renda posible neste cada vez máis inactivo medio, asístelles o dereito a seren protexidos no seu modus vivendi por axudas pertinentes que veñan minimiza-lo impacto da couza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:05
Nº Rexistro: 8403
Data envío: 28/04/2017 11:05:07.687

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que constitúa unha comisión de expertos para afrontar este problema, e buscar unha solución que minimice o impacto na poboación produtora de pataca en réxime de autoconsumo, mediante unha liña de axudas ó efecto.”

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:05
Nº Rexistro: 8403
Data envío: 28/04/2017 11:05:07.687

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/04/2017 10:57:13

Noa Presas Bergantiños na data 28/04/2017 10:57:19

Ana Pontón Mondelo na data 28/04/2017 10:57:27

Olalla Rodil Fernández na data 28/04/2017 10:57:32

María Montserrat Prado Cores na data 28/04/2017 10:57:35

Xosé Luis Bará Torres na data 28/04/2017 10:57:37

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Consellería do Mar difundiu unha aplicación móbil na que se pode consultar datos sobre as vedas, a época óptima de consumo e a talla mínima de peixes bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos, gasterópodos e peixes.

En concreto para o *santiaguiño* (*Scyllarus arctus*) a época óptima de consumo é o mes de xullo. Non obstante, de acordo co Plan xeral de explotación marisqueira, para este crustáceo o período autorizado para o ano 2017, comprende do 1 ao 5 de xaneiro, e do 1 de outubro ao 30 de decembro. Polo que se pode concluír que o *santiaguiño* se atoparía en veda, na época óptima para o seu consumo.

Cuestión similar ocorre co polbo, que normalmente ten un mes de veda, entre maio e xuño, pero a aplicación recomenda o seu consumo durante todo o ano.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adecuar os períodos de recomendación de consumo de peixes bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos, gasterópodos e peixes, aos períodos nos que o seu consumo estea autorizado, e non en período de veda.

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2017

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 28/04/2017 11:38:12

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2017 11:38:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 11:38:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 12:17
Nº Rexistro: 8416
Data envío: 28/04/2017 12:17:23.820

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao superávit na liquidación orzamentaria municipal.

As políticas fiscais e legais do Estado español encamiñanse cara o denominado cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administración públicas do que tanto se gabou rematado o ano 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu de forma decisiva a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, unha cifra que constitúe o 0,6 por 100 do PIB.

Alén disto, cómpre salientar que o que se indica non é un dato puntual senón que é unha tendencia que se vén consolidando desde o ano 2012 desde o que o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, situación que en termos agregados aproxímase aos 26.000 millóns de euros.

Porén, malia esta situación, podemos observar como novamente na recente publicación do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantéñense as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 12:17
Nº Rexistro: 8416
Data envío: 28/04/2017 12:17:23.820

adicional 6ª da LOEPSF introducida pola LO 9/2013 de Control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos financeiros sustentábeis, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando até hoxe.

As normas descritas lastran a autonomía das entidades locais ao impoñerlles regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar un período continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.

Como se pode observar ao facer unha radiografía socioeconómica da sociedade galega, este marco legal, lonxe de solucionar a situación de crise que estamos a padecer contribúe a intensificar os efectos danos da crise sobre a poboación en xeral e sobre os traballadores e as persoas con menores recursos de maneira especialmente grave, posto que mesmo impiden que administracións locais con capacidade poidan empregala de xeito efectivo para incentivar políticas sociais que compensen o desatendemento da Xunta de Galiza ou de investimento para cubrir necesidades da entidade local.

Ese marco legal e a consecución da estabilidade orzamentaria non serve para dar resposta aos alarmantes niveis de desemprego e de exclusión social e persisten na prioridade absoluta que dá o goberno do estado español ao pago da débeda financeira sobre calquera outro gasto das Administracións Públicas, e mesmo no caso de concellos que non teñen tensións financeiras

Por todo iso, o Grupo Parlamentar do BNG, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 12:17
Nº Rexistro: 8416
Data envío: 28/04/2017 12:17:23.820

“O Parlamento galego acorda:

- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a derogación do artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que os concellos galegos poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que prestan á veciñanza.

- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a reforma do resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación lexislativa:

1. Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.

2. Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.”

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 12:17
Nº Rexistro: 8416
Data envío: 28/04/2017 12:17:23.820

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/04/2017 12:14:58

Olalla Rodil Fernández na data 28/04/2017 12:15:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/04/2017 12:15:39

María Montserrat Prado Cores na data 28/04/2017 12:15:47

Xosé Luis Bará Torres na data 28/04/2017 12:15:49

Ana Pontón Mondelo na data 28/04/2017 12:15:53



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 12:32
Nº Rexistro: 8420
Data envío: 28/04/2017 12:32:20.754

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á implicación do goberno galego na busca dunha solución para a veciñanza da zona de San Rosendo do barrio da Ponte.

Durante os últimos meses diversas novas que saltaron aos medios de comunicación alertaron da situación que estaban a vivir veciños e veciñas do barrio da Ponte, en Ourense. Máis concretamente a situación da veciñanza que habita na zona de San Rosendo, na rúa Xosé Luis López Cid e colindantes.

As persoas afectadas manifestan ter rexistrado numerosas denuncias na policía local e nas institucións competentes con escaso éxito. Durante o mes de marzo varios medios alertaron da situación extrema que estaban a vivir e mesmo o xornal El País na súa edición dixital publicou un video o 7 de marzo de 2017 no que se observan pelexas, carreiras entre vehículos e testemuños de diferentes veciños e veciñas. Tamén con esa data, o xornal ourensá La Región publica un video no que se visualiza unha carreira entre dous coches. A todo isto engádense feitos relatados pola veciñanza que atentan contra o civismo, o dereito ao descanso das persoas da zona, a legalidade vixente para os locais de ocio por exemplo canto a consumo de tabaco, a seguridade viaria e outros elementos.

Ante o paso do tempo e a permanencia desta grave situación, veciñanza do barrio rexistrou no Parlamento Galego esta cuestión acompañada de centos de sinaturas. Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que a extraordinaria



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 12:32
Nº Rexistro: 8420

Data envío: 28/04/2017 12:32:20.754

situación e a inacción do Concello de Ourense requiren da implicación da Xunta de Galiza xa que as cuestións relatadas e outras postas en coñecemento de sociedade e autoridades atentan contra dereitos elementais dos veciños e veciñas das rúas afectadas e, por extensión, de toda a cidadanía ourensá por supoñer un perigo para a seguridade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a buscar unha solución en diálogo coa veciñanza afectada do barrio da Ponte e outras institucións para garantir o cumprimento da lexislación, o dereito ao descanso e a seguridade pública.”

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 12:32
Nº Rexistro: 8420
Data envío: 28/04/2017 12:32:20.754

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/04/2017 12:25:19

Olalla Rodil Fernández na data 28/04/2017 12:25:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/04/2017 12:25:28

María Montserrat Prado Cores na data 28/04/2017 12:25:32

Xosé Luis Bará Torres na data 28/04/2017 12:25:33

Ana Pontón Mondelo na data 28/04/2017 12:25:36

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A liña estratéxica 1 do “Plan Nacional para el abordaje de la Hepatitis C del sistema nacional de salud” sinala á poboación reclusa como obxectivo prioritario de tratamento e atención, debido as condicións de dificultade para acceder ao tratamento.

As disputas legais entre o Sergas e o Ministerio de Sanidade sobre a responsabilidade legal de cada un no tratamento e asistencia obrigou, despois de que o ministerio formulara que os reclusos/as afectados/as foran trasladados/as a Madrid para poder ser tratados alí, a establecer un convenio de funcionamento que permitira tratar aos enfermos e enfermas de hepatite C nos centros penitenciarios de Galicia.

A pesares desta situación, a sinatura deste convenio non ten resolto o problema, xa que as informacións existentes apuntan a que moi poucos dos/das reclusos/as afectados/as pola enfermidade están sendo tratados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar cumprimento aos acordos e resolucións formuladas ata o de agora, así como ao Plan Nacional, e asistir co tratamento axeitado a todas as persoas reclusas en centros penitenciarios de Galicia que estean afectados pola hepatite C.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2017 13:02:44

Noela Blanco Rodríguez na data 28/04/2017 13:02:49

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/04/2017 13:02:54

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/04/2017 13:02:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/04/2017 13:03:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 13:03:05

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 tiña por fin dar pulo á reciclaxe para reducir o volume de lixo que remata no vertedoiro de Areosa e o que se destina a incineración. Este plan proxectaba a construción de 7 plantas de compostaxe e envases lixeiros distribuídas polo territorio e que en 2014 pasaron a ser 11; ningunha se ten construído nin se ten definido sequera a súa situación. De momento, a única actuación que xa está en marcha é a ampliación de Sogama, S.A. en Cerceda para construír unha nova planta destinada á reciclaxe, o que, polo visto, permitirá elevar a capacidade de reciclaxe dos residuos da bolsa negra do 5 % ao 15 %.

De todos é sabido que en 2020 as comunidades autónomas deberán reciclar, a lo menos, o 50 % do lixo que xeran, cumprindo así coas directrices da Unión Europea. En Galicia, só o 5 % do que chega a Sogama, S.A. é recuperado ou reutilizado, cifra que nos separa infinitamente dos fins marcados pola UE.

E o problema vai máis alá porque a preservación do medio ambiente e a aposta pola sostibilidade constitúen unha obriga ética cara a cidadanía, tanto das xeracións presentes como das futuras, así como un elemento clave da igualdade de oportunidades e de calidade da súa vida. Por iso acordos como o de París son a base para garantir o futuro das vindeiras xeracións e ser capaces de acadar os obxectivos de redución de emisións.

Desgraciadamente, en Galicia o Goberno do PP segue a perder a oportunidade de ocupar un importante espazo político na escena internacional e estar xunto cos países que lideran a loita contra o cambio climático, presentando uns orzamentos nos que todas as partidas relacionadas coa protección e desenvolvemento do noso patrimonio natural

Grupo Parlamentario

diminúen considerablemente. E que dicir do Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020?

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aprobar un novo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, co seguinte contido:

- A) Se adecúe á xerarquía establecida na Directiva 2008/98/CE.
- B) Que faga de Sogama un modelo de xestión:
 - 1º) Sostible ambientalmente.
 - 2º) Complementado por outros máis pretos no territorio, con arranxo á máxima da proximidade, permitindo a creación de emprego nas diferentes localidades e acadando os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.
 - 3º) E residual respecto de novas plantas de reciclaxe, compostaxe, separación e valorización anexas, de forma que so o rexeito das mesmas sexa tratado en Sogama.
- C) Que inclúa o financiamento prioritario de actuacións de mellora da recollida selectiva.
- D) Que inclúa actuacións de prevención.
- E) Que poña en marcha de medidas de concienciación e educación ambiental, que incidan e repercutan nunha maior sensibilidade en torno á relevancia da xestión do lixo e da aplicación dos primeiros pasos da xerarquía comunitaria de redución, reutilización e reciclaxe.

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/04/2017 13:12:22

Raúl Fernández Fernández na data 28/04/2017 13:12:29

María Luisa Pierres López na data 28/04/2017 13:12:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 13:12:39

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, e das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa ao Pazo de Goiáns, concello de Boiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sito en Escarís, na desembocadura do Coroño, na ría de Arousa, está a Torre-Pazo de Goiáns. Conta cunha torre rectangular rematada cun miradoiro balaustrado. Contaba cos arredores amurallados e dispoñía de calabozos. Residencia dunha das liñaxes máis sobresaíntes da nobreza galega e asolada polas revoltas Irmandiñas para ser reconstruída máis tarde polo famoso arquitecto Domingo de Andrade no XVIII, autor da torre da Berenguela da Catedral de Santiago. Posúe cinco labras heráldicas das liñaxes que viviron no pazo. No interior da finca existen varios edificios auxiliares: unha capela (onde se venera á Virxe da boa viaxe ou Virxe de Belén), pombais, unha fonte de pedra que representa unha serea, varios alpendres, estatuas, dúas pesqueiras, e un embarcadoiro ao río Coroño. Os dominios deste pazo chegaban ata as illas de Sálvora.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICO-XURÍDICAS

Pasou a ser de propiedade pública no ano 2010, directamente ás mans do concello de Boiro mediante a inclusión nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 dunha partida de catro millóns de euros. BOE núm. 313, de 29 do



decembro de 2009. Esta adquisición nominativa tramitouse pola sinatura do convenio do 23 de xullo de 2010.

Este pazo atópase nun estado lamentable e forma parte do patrimonio cultural e histórico de Galicia, estando clasificado como BIC.

Nestas imaxes, aparecidas nun periódico de difusión, pódese apreciar o derrube parcial do pazo de Goiáns.

<http://www.lavozdegalicia.es/album/barbanza/boiro/2016/10/12/chequeo-pazo-goians/01101476216447058105371.htm>

Produciuse unha vulneración da Lei 5/2016, de patrimonio cultural de Galicia, que recolle no seu artigo 1 o *“obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valoración e transmisión ás xeracións futuras.”*

No artigo 2 sinala que *“corresponde á comunidade autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia.”*

Tamén sinala a colaboración con outras administracións públicas para garantir o acceso ao patrimonio *“Artigo 3.1 Colaboración coa Administración do Estado, coas das restantes comunidades autónomas e coas entidades que integran a Administración local na salvagarda do patrimonio cultural. b) Fomento das accións precisas para garantir o acceso ao patrimonio cultural, a súa protección, a súa difusión e a súa investigación e, de ser o caso, a súa recuperación.*

As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen



as obrigas de: a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. b) Adoptar, en casos de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que viren a súa integridade ou valor ameazados. c) Comunicarlle á Xunta de Galicia calquera ameaza, perturbación ou dano do valor cultural que tales bens sufran. d) Exercer, así mesmo, as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude desta lei.”

Establece no artigo 32 un deber de conservación: “*As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.*”

E no seu artigo 33 establece as medidas de protección mediante fórmulas de colaboración “*1. A Xunta de Galicia fomentará medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia. 2. En especial, a Xunta de Galicia poderá acordar medidas de colaboración coa Administración do Estado, con outras comunidades autónomas, con organismos internacionais e coas entidades que integran a Administración local que fortalezan e melloren a vixilancia e seguridade dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, especialmente cando se vexan ameazados por actos de espolio ou destrución.*”

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Proponer un plan de restauración do Pazo; plan sometido a preceptiva información pública que conteña usos públicos e acceso garantido á cidadanía.
- 2.- Levar a cabo a restauración, conservación e mantemento do Pazo de Goiáns, en colaboración co Concello de Boiro e outros organismos para o seu uso público



3.- Dotar dun presuposto ao concello de Boiro para que leve a cabo as operacións necesarias na conservación inicial do Pazo fronte ao derrubo e roubos, así como a procurar os medios para a súa vixilancia no prazo máis curto de tempo posible.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 28/04/2017 13:37:01

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/04/2017 13:37:08

Luca Chao Pérez na data 28/04/2017 13:37:14

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Fogar Residencial de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) pertence á rede de Centros de Atención a Persoas Maiores do Consorcio Galego de Servizos Sociais e posúe unha capacidade para 18 usuarios e usuarias. No mesmo establecemento residencial intégrase un centro de día, pertencente tamén ao consorcio, con capacidade para 30 persoas.

A Orde do 13 de abril de 2007 posibilita a integración dun ou máis centros, podendo compartir instalacións susceptibles de uso común, sempre que se respecte a superficie mínima por usuario/a e se acredite a independencia funcional de cada un dos centros. Isto non ocorre no Fogar Residencial de Cerdedo, posto que os dous centros non son independentes funcionalmente e dubidamos que se respecte a superficie mínima por usuario/a.

A maiores, no centro hai moitas mais deficiencias:

1. Non dispón de medidas de seguridade que impidan a saída dos e das residentes con dependencia de tipo cognitivo ao exterior.
2. Non dispón de medidas de seguridade nos accesos ás escaleiras.
3. Non existe ningunha sala de visita para os familiares.
4. Algunha das tres habitacións destinadas a grandes dependentes non permiten chegar cunha cadeira de rodas, nin cun guindastre ata a cama e, moito menos, cunha padiola.
5. As camas non teñen rodas, están pegadas ás paredes e para facelas hai que levantalas en peso.
6. Non hai bañeira xeriátrica.
7. En distintas zonas do edificio as humidades ocupan grandes superficies.

 Grupo Parlamentario

8. Conta cunha traballadora social que realiza, ademais da función de dirección, funcións administrativas, xa que o centro non conta con persoal de administración.

9. Un dos xerocultores queda so en quenda de noite con 16 residentes con diversos graos de dependencia, debendo ocuparse el solo de calquera incidencia que ocorra durante a noite.

10. A única ATS/DUE traballa de luns a venres, polo que as fins de semana o centro carece de persoal sanitario que poda realizar curas, administrar medicación inxectable ou atender calquera urxencia que poda xurdir.

11. A única ATS/DUE, que traballa de luns a venres, non está pola noite, non fai curas, non reconece aos e ás pacientes: chama ás familias para que os leven a urxencias do centro de saúde.

12 O centro conta cun catering, pero a empresa leva os menús unicamente dous días por semana, ademais hai queixas entre os usuarios pola escaseza de alimentos e o estado dos mesmos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar no prazo máximo de seis meses unha avaliación do estado dos servizos que presta o Fogar Residencial de Cerdedo, así como dos recursos materiais e humanos con que conta dito centro.
2. Dispor de dotación orzamentaria suficiente para corrixir, de maneira urxente, as deficiencias detectadas neste centro.
3. Dotar ao Fogar Residencial Cerdedo de persoal suficiente e necesario.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Patricia Vilán Lorenzo

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/04/2017 13:41:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/04/2017 13:41:22

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2017 13:42:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 13:42:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 44/2003 do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, nomea especificamente aos Diplomados en Podoloxía ao referirse ás profesións sanitarias contempladas no artigo 2.2b e define as súas funcións no artigo 7.2b da mesma Lei recollendo o seguinte: *“Os Diplomados universitarios en Podoloxía realizan actividades dirixidas ao diagnóstico e tratamento das afeccións e deformidades dos pés, mediante as técnicas terapéuticas propias da súa disciplina.”*

Actualmente, a Podoloxía non está contemplada na Carteira Básica do Sistema Nacional de Saúde nin tampouco na Carteira Complementaria do Servizo Galego de Saúde, quedando esta especialidade totalmente excluída dos servizos públicos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



- Solicitar ao Goberno central que inclúa a Podoloxía na Carteira Básica do Sistema Nacional de Saúde, dotándoa de financiamento necesaria para o seu desenvolvemento.
- Incluír na Carteira Complementaria do SERGAS os servizos de Podoloxía.
- Incluír a categoría de podólogo/a como persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/04/2017 14:11:10

Luis Villares Naveira na data 28/04/2017 14:11:14

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Jaime Castiñeira Broz, Miguel Tellado Filgueira, Moisés Blanco Paradelo, María Isabel Novo Fariña, María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Domínguez e Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A sociedade en xeral e as administracións públicas, en particular, deben esforzarse por mellorar as prestacións, a seguridade, a habitabilidade e o confort dos edificios de vivendas, incorporando aparellos o máis seguros posible.

Tendo en conta que é de vital importancia, previr, limitar riscos e asegurar a protección contra accidentes e incidentes capaces de lles producir danos ou perdas ás persoas, bens e medio ambiente derivados da utilización, funcionamento e mantemento de instalacións industriais, faise necesario establecer uns requisitos técnicos e criterios de actuación para que os diferentes axentes poidan dar cumprimento delas dun modo seguro e eficaz.

Sería necesario unificar criterios nunha normativa que aclare e defina aspectos relativos aos ascensores, que afecten a titulares das instalacións, empresas conservadoras e organismos de control habilitados para a súa inspección co obxectivo de protexer ás persoas de incidentes que puidesen producirse como consecuencia do seu funcionamento e mantemento.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a elaborar unha normativa autonómica que unifique o procedemento de actuación nas revisións periódicas de ascensores e elevadores, con independencia da súa data de posta en servizo e do marco regulamentario que lle resultou aplicable, así como outros aspectos de carácter técnico nos ámbitos do mantemento e da seguridade”.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/04/2017 17:14:48

Marta Novoa Iglesias na data 28/04/2017 17:14:57

Jaime Castiñeira Broz na data 28/04/2017 17:15:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/04/2017 17:15:12

Moisés Blanco Paradelo na data 28/04/2017 17:15:21

María Isabel Novo Fariña na data 28/04/2017 17:15:29

Maria Antón Vilasánchez na data 28/04/2017 17:15:37

Sandra Vázquez Dominguez na data 28/04/2017 17:15:45

Cristina Isabel Romero Fernández na data 28/04/2017 17:15:54

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Marían García Miguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Gonzalo Trénor López, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Teresa Egerique Mosquera e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No Informe do ano 2016 da Valedora do Pobo, destaca que as queixas por RISGAS e as solicitudes doutras axudas xa non se refiren ás demoras, senón a aspectos engadidos ao recoñecemento da renda, sobre todo á súa retirada ou suspensión, a atrasos nos recursos administrativos, á cuantificación e pago dos atrasos, á falta de recoñecemento dos novos tramos ou complementos, ou ao seu recoñecemento limitado. A pesares desta nova indícase no mesmo informe que nalgúns concellos non se envía a documentación no prazo previsto, sendo o municipio de Vigo o que ten o peor dato.

Se plantexan numerosos atrasos nas axudas do Concello de Vigo, ben pola falta de persoas nos seus servizos sociais cos correspondentes atrasos que iso xera. A resposta desta cidade foi clara dando conta de melloras no persoal e de iniciativas futuras para seguir mellorando e reducindo os tempos de espera. Pero a realidade é ben distinta, as constantes denuncias de ONGs, da Federación de Veciños de Vigo, persoas anónimas e mesmo as/os traballadoras/es destes recursos fan que salten tódalas alarmas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Concello de Vigo a solución de xeito inmediato nos retrasos na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais”.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/04/2017 17:41:05

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/04/2017 17:41:14

Martín Fernández Prado na data 28/04/2017 17:41:23

Jaime Castiñeira Broz na data 28/04/2017 17:41:31

Gonzalo Trenor López na data 28/04/2017 17:41:38

Antonio Mouriño Villar na data 28/04/2017 17:41:47

Marta Novoa Iglesias na data 28/04/2017 17:41:54

Teresa Egerique Mosquera na data 28/04/2017 17:42:02

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/04/2017 17:42:10

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As xeadas acaecidas a pasada madrugada produciron graves danos nas denominacións de orixe de viño nas provincias de Ourense e Lugo. Polos datos que nos van chegando o monto global de perdas para o sector vitivinícola pode acadar os 72 millóns de euros, dado que se calcula que se estragaron uns 16,3 millóns de quilos de uva o que supón que no chegarán ao mercado 21,7 millóns de botellas de viño.

Non é unha estimación fiable, non obstante, os danos están á vista, especialmente en Monterrei, Valdeorras e na Ribeira Sacra onde a xeadada devastou a maior parte dos racimos xa formados, zonas nas que os produtores e adegueiros se atopan desprotexidos pola perda da colleita para este ano ao non poder cumprir as expectativas de calidade, recolleita e venda.

Esta situación require dunha actuación urxente da Administración para paliar os danos producidos polas temperaturas meteorolóxicas extremas acaecidas, que pon en perigo a supervivencia dun sector económico importante e representativo de Galicia, dada a redución da cantidade prevista para este ano e a baixa calidade da uva que se poida recuperar.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Realizar, un estudo que permita a avaliación urxente e inmediata do impacto das inclemencias meteorolóxicas acaecidas nos últimos días, e das perdas económicas ocasionadas de maneira específica aos membros do sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe.

 Grupo Parlamentario

2º) Abrir unha orde de axudas, dotada do orzamento suficiente, dirixida fundamentalmente aos membros do sector vitivinícola das diferentes denominacións de orixe, para paliar os danos e realizar os pertinentes traballos de recuperación da colleita naqueles casos nos que aínda sexa posible.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 28/04/2017 18:37:12

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/04/2017 18:37:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 18:37:34



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 02/05/2017 10:31

Nº Rexistro: 8494

Data envío: 02/05/2017 10:31:03.742

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao apoio que debe prestar a Xunta de Galiza ao concello de Cambados para a realización das actividades derivadas do seu nomeamento como “Cidade Europea do Viño 2017”.

O pasado mes de novembro, a vila de Cambados foi nomeada como “Cidade Europea do Viño 2017”, recoñecéndoa así como o lugar máis representativo do viño Albariño da Denominación de Orixe Rías Baixas. A decisión foi tomada polo Consello de Administración da Rede de Cidades Europeas do Viño (Recevin) na vila portuguesa de Palmela. A vila galega tivo que competir para isto con cidades de gran tradición vitivinícola como Aranda de Duero, Vilafranca do Penedés e La Palma del Condado, todas elas de gran tradición e importancia enolóxica no conxunto do Estado español. Esta iniciativa promovida por Recevin comprende a máis de 800 localidades europeas situadas nas zonas protexidas pola denominación da calidade dos seus viños. A nominación durante o 2018 recaerá nos socios alemáns, búlgaros, húngaros, Servios e Eslovenos. Así mesmo, as cidades elixidas en anos anteriores foron as italianas Conegliano e Valdobbiadene no 2015, a portuguesa Reguengos de Monsaraz no 2014 ou Jerez de la Frontera no ano 2013.

Con este nomeamento Cambados converterase no lugar máis representativo do viño albariño e terá, durante este ano 2017, a oportunidade única de dar a coñecer



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 10:31
Nº Rexistro: 8494
Data envío: 02/05/2017 10:31:03.742

internacionalmente o viño da denominación de orixe Rías Baixas pero tamén será o momento idóneo para acadar a proxección de Galiza no mundo a través dun produto de gran calidade e prestixio. Ao longo do ano 2017 o concello de Cambados executará máis de 80 actividades de enoturismo que pretenden dar a coñecer a cultura, a paisaxe, a gastronomía e o patrimonio galegos.

Pero para asegurar o éxito na promoción internacional do noso viño e do noso país, resultará imprescindible a colaboración das diferentes administracións tanto a nivel provincial, como galega ou estatal. O concello por si só non pode asumir os grandes requerimentos económicos e organizativos que vai implicar a realización de eventos na procura da proxección estatal e internacional do viño albariño e do noso país, obrigatoriamente, implicará a colaboración do goberno da Xunta de Galiza.

O Goberno municipal do Concello de Cambados entrevistouse con diferentes representantes da Xunta e do goberno estatal, para solicitar colaboración para a elaboración e organización de actividades relacionadas co nomeamento do concello como Cidade Europea do Viño 2017, sen acadar ata o momento, ningunha resposta concreta por parte destas administracións, o que deixa ao Concello de Cambados desamparado ante este importante reto.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a establecer un marco de colaboración co concello de Cambados para realizar as actividades que se derivan do nomeamento do mesmo como “Cidade Europea do Viño 2017”, e a facer as aportacións económicas precisas, acordes coa relevancia do nomeamento.”



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 10:31
Nº Rexistro: 8494

Data envío: 02/05/2017 10:31:03.742

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2017 10:18:34

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2017 10:18:39

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2017 10:18:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2017 10:18:47

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2017 10:18:51



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 10:31
Nº Rexistro: 8494

Data envío: 02/05/2017 10:31:03.742

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2017 10:18:54

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da deputada **Paula Vázquez Verao** e do deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ao estado de conservación da ponte vella de Monforte de Lemos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A coñecida comunmente como “ponte vella” ou “ponte romana” sobre o Cabe, en Monforte de Lemos, é un dos monumentos máis emblemáticos desta cidade.

A estrutura actual da ponte, con seis arcos de medio punto – dous deles tapados – apoiados sobre pés reforzados con tallamares, data de finais do século XVI, sendo o seu mestre Pedro Rodríguez de Ramberde. Conta cunha calzada de case 4 m de ancho con pavimento a base de lastros de pedra ao modo tradicional.

A necesidade de mantemento e a peonalización deste elemento patrimonial, un ben inventariado que, ademais, forma parte do conxunto monumental monfortino do casco antigo, con categoría de BIC, é unha reivindicación de colectivos e persoas vinculadas coa defensa do patrimonio.

Na actualidade, a ponte presenta malas herbas que abren gretas na construción e o *Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico Artístico de Monforte* recoñece que o tránsito rodado que soporta a ponte medieval monfortina desborda as posibilidades do monumento, sinalando como “obxectivo básico” a “peonalización da ponte medieval”, indicando, asemade, que “o Plan



Especial ten coma obxectivo acadar a súa peonalización como nexo singular de diferentes partes do Conxunto Histórico”.

O estado da ponte fai necesarias actuacións urxentes para a súa conservación. A Xunta, que ten a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia, ten obriga de fomentar medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia, para o cal poderá acordar medidas de colaboración con outras administracións (*Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia*).

Polo exposto,o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Facer un estudo sobre o estado de conservación da ponte vella de Monforte e aprobar un cronograma e orzamentos para as tarefas de restauración e consolidación do monumento que sexan necesarias.
2. Fornecer ao Concello de Monforte dos medios técnicos e materiais para posibilitar a peonalización da ponte vella de Monforte de Lemos e a reorganización da mobilidade da cidade, de acordo co *Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico Artístico de Monforte*.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea



Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/05/2017 10:35:54

Luis Villares Naveira na data 02/05/2017 10:36:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 10:48
Nº Rexistro: 8502
Data envío: 02/05/2017 10:48:51.646

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O pasado día 18 de abril tivo lugar o traslado do servizo de emerxencias 112 (Centro Integrado de Atención ás Emerxencias CIAE 112) ás novas instalacións da Estrada. Segundo o comité de empresa, o traslado fíxose de maneira precipitada e temeraria, sen a necesaria formación do persoal e sen garantía do bo funcionamento da plataforma informática.

Por outra parte, ante o exercicio do dereito de folga por parte do persoal da empresa concesionaria da xestión do 112, a Xunta de Galiza impuxo uns abusivos servizos mínimos do 100%, que posteriormente foron reducidos aos 60% por decisión da xustiza.

As denuncias do comité de empresa víronse confirmadas logo do traslado xa que están sendo continuos os fallos no funcionamento da plataforma informática de xestión da atención telefónica, co conseguinte retraso no tempo de resposta. Esta situación púxose de manifesto en diversas ocasións ao longo dos pasados días, nomeadamente como consecuencia dos incendios forestais e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 10:48
Nº Rexistro: 8502
Data envío: 02/05/2017 10:48:51.646

episodios de mal tempo. Para o BNG estes feitos son moi graves porque poñen en risco o funcionamento dun servizo fundamental como é o das emerxencias.

Ademais, o persoal reclama unha compensación económica polos gastos derivados do desprazamento até o novo centro da Estrada, que supoñen unha merma importante nuns ingresos quen na maior parte dos casos rondan os 1.000 euros ao mes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición no de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Establecer unha vía de diálogo e negociación co comité de empresa do CIAE 112 para ampliar a formación do persoal no relativo á xestión da plataforma informática coa finalidade de mellorar o funcionamento do servizo.

2. Aprobar as medidas necesarias para compensar economicamente ao persoal do 112 pola merma de ingresos derivada do traslado ás novas instalacións.

3. Asumir as responsabilidade políticas derivadas dun traslado precipitado e sen as debidas garantías de bo funcionamento da plataforma informática coa que se xestionan as chamadas de emerxencias.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 02/05/2017 10:48

Nº Rexistro: 8502

Data envío: 02/05/2017 10:48:51.646

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2017 10:35:49

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2017 10:35:55

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2017 10:35:59

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/05/2017 10:36:03

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2017 10:36:08

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2017 10:36:09



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Na noite do 26 ó 27 deste mes de abril unha inesperada e xeneralizada xeadá ocasionou considerables danos nos cultivos cunha forte incidencia no viñado principalmente en zonas de D.O. coma o Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras ou Monterrei.

Sen que haxa polo de agora unha valoración polo miúdo dos danos ocasionados todo parece indicar que superan o 50% da produción de uva achegándose nalgúns zonas ó 100%.

A perda de ingresos que supoñen estes danos poden poñer en risco a viabilidade e supervivencia de moitas explotacións.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

a) Establecer contactos co sector, con carácter urxente, para a avaliación, do territorio afectado.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Valorar os danos sufridos polas explotacións.

c) Abrir liñas de axuda para apoiar as explotacións afectadas.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2017 16:27:13

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2017 16:27:19

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2017 16:27:23

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2017 16:27:27



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 8545
Data envío: 02/05/2017 16:32:58.223

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2017 16:27:29

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2017 16:27:32



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 10:30
Nº Rexistro: 8556
Data envío: 03/05/2017 10:30:15.395

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para evitar o desmantelamento do SVA en Galiza.

Vimos de coñecer a través da CIG, Confederación Intersindical Galega, sindicato maioritario no SVA en Galiza, a intención da Dirección Xeral de Aduanas de trasladar o helicóptero con base en Vigo, ao Mediterráneo.

Actualmente o Servizo de Vixilancia Aduaneira só dispón dun helicóptero con base en Vigo, para toda Galiza. Agora tan só existe un helicóptero, con base en Vigo con moi poucas prestacións, alcanza unha velocidade de 140 nudos, autonomía de 3 horas e 30 minutos, área de rastreo de 350-400 millas e unha cámara de visión nocturna pouco eficiente. A modo de exemplo, para cubrir operacións na zona entre Fisterra e Sisargas, estas serían as distancias: de Vigo a Fisterra hai 54 millas, de Fisterra a Sisargas 50 millas, de Coruña a Fisterra 66 millas. Parece evidente que esta zona está na actualidade practicamente desprotexida de vixilancia aérea, si finalmente deixa de operar o helicóptero con base en Vigo, a zona desprotexida será de Fisterra a Vigo.

Á eliminación deste helicóptero con base en Vigo, que vimos de coñecer, súmase á eliminación no 2015 dunha embarcación de alta velocidade con base en Vilagarcía, o CalimboIII, de xeito que a ría de Arousa conta cunha soa embarcación, e polo tanto ten enormemente reducida a súa capacidade de actuación ao non ter relevo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 10:30
Nº Rexistro: 8556

Data envío: 03/05/2017 10:30:15.395

nas operacións. A isto hai que engadir a eliminación doutra embarcación de alta velocidade con base en Vigo e outra de tamaño medio na Coruña, tamén trasladadas ao Mediterráneo, e a eliminación de medios aéreos como era o avión Casa 212, que tiña base en Santiago e o helicóptero Dauphiné con base en Vigo, que dispoñía de boas prestacións, como unha boa cámara de visión nocturna e autonomía suficiente para facer seguimento das embarcacións rápidas das redes de narcotráfico. Si a isto lle sumamos que algunhas embarcacións teñen moita antigüidade, como é o caso da VA II, con base en Muros e o Alcaraván II con base en Ribadeo, que teñen 30 anos

Á redución de medios hai que engadir a eliminación da brigada de investigación e información que existía na Coruña e a redución tanto dos recursos humanos como a moi elevada media de idade dos cadros de persoal. Nos últimos anos foise reducindo de maneira moi notábel o número de efectivos, non se cobren todas as vacantes, non se incorporaron novos traballadores en varias especialidades, e tampouco houbo Oferta Pública de Emprego con prazas para o noso país.

Son moitas@s profesionais que se están a xubilarse por cumprir 65 anos, ou por solicitar a xubilación por ter anos suficientes de cotización para facelo. Moitas destas persoas por idade poderán solicitar non saír a navegar, atopándose con que non está desenvolvida a posibilidade de optar á segunda actividade, a pesares de contemplarse esta na Lei 66/1997 de 30 de decembro de Medidas Fiscais e Administrativas e de Orden Social, onde se recolle a reestruturación do Servizo de Vixilancia Aduaneira e entre outras cousas a segunda actividade.

Parece evidente que estamos diante dun desmantelamento do SVA en Galiza pola vía de redución de persoal e de medios materiais, o que sen dúbida vai facilitar a actuación das redes de narcotráfico no noso país, nun momento onde as entidades que traballan na campo da loita contra o narcotráfico como na atención ás persoas con



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 10:30
Nº Rexistro: 8556
Data envío: 03/05/2017 10:30:15.395

adicións manifestan que hai tanto un aumento do consumo como unha grande oferta no mercado, o que evidencia que as redes de narcotráfico seguen a introducir cargamentos.

O Bloque Nacionalista Galego, súmase á preocupación de outros colectivos de loita contra o narcotráfico polo desmantelamento progresivo dos recursos humanos e materiais dispoñíbeis en Galiza para a loita contra o narcotráfico e se esta pretensión se confirma, Galiza quedará aínda máis desprotexida de vixilancia na loita contra o narcotráfico, polo que diante de todas as medidas expostas tan prexudiciais para o control das costas de Galiza, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Que lle manifeste ao Goberno español a súa oposición ao traslado ao mediterráneo do helicóptero con base en Vigo do Servizo de Vixilancia Aduaneira.

-Que demande do Goberno español:

O mantemento dos medios actuais cos que conta o SVA en Galiza, a recuperación da lancha rápida con base en Vilagarcía, retirada en 2015, do avión Casa 112 con base en Santiago e o helicóptero Dauphiné con base en Vigo, así como a substitución das embarcacións con base en Ribadeo e en Muros, por embarcacións máis operativas e que alcancen maiores velocidades.

Que cubra a totalidade das vacantes de persoal producidas no SVA, e proceda a convocar unha Oferta Pública de Emprego con prazas suficientes para o SVA en Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 10:30
Nº Rexistro: 8556
Data envío: 03/05/2017 10:30:15.395

A desenvolver de inmediato a segunda actividade contemplada na Lei 66/1997 de 30 de decembro de Medidas Fiscais e Administrativas e de Orden Social, onde se recolle a reestruturación do Servizo de Vixilancia Aduaneira.

Incrementar os medios destinados á investigación en materia de narcotráfico.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2017 10:13:12

Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2017 10:13:20



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 10:30
Nº Rexistro: 8556
Data envío: 03/05/2017 10:30:15.395

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2017 10:13:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2017 10:13:29

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2017 10:13:33

Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2017 10:13:38

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda** e do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á conservación e divulgación dos henges galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No concello de Xove foi localizada en Lavandeira unha estrutura circular, da cal, en agosto de 2015, a Asociación Mariña Patrimonio solicitou a súa inclusión no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos.

A metade de dita estrutura circular foi agredida e modificada con motivo da construción dun tramo da chamada “Vía de Alta Capacidade da Costa Norte”, o que une San Cibrao con Celeiro, pois o estudo arqueolóxico previo á realización da infraestrutura non detectou a existencia do xacemento.

A empresa construtora comprometeuse coa Xunta a realizar unhas catas coa fin de verificar a existencia do henge, de cara a retirar o talude que cobre a metade do círculo lítico e repoñer a zona ao estado anterior ás obras de se confirmar a categoría do xacemento.

Confirmada a autenticidade do xacemento, a Xunta e a administración local, en cooperación, teñen a obriga de “protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural”, así como “adoptar as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que visen a súa integridade ou valor ameazados” (Lei 5/2016 de 4 de maio).



Os henges son estruturas arquitectónicas, circulares ou ovais, de época neolítica, que se concentran nas illas británicas, sendo excepcionais os achados na Mariña lucense -A Roda, en Barreiros e o henge de Lavandeira- os dous únicos recoñecidos como tal en Europa continental.

A Dirección Xeral de Patrimonio incluíu no seu inventario a estrutura circular da Lavandeira (o Servizo de Patrimonio de Lugo redactou unha ficha normativizada do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, ficha que non garante a conservación do ben), pero o elemento non consta no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Xove como elemento a protexer ou recuperar nin no Catálogo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia que se pode consultar en liña na páxina <http://inventariopatrimoniocultural.xunta.es/>, da Consellería de Cultura e Turismo da lexislatura 2005-2009, non podéndose acceder a outro catálogo máis actual na rede.

Polo exposto o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Realizar prospeccións específicas para catalogar os henges que se localicen en Galicia, comezando por catalogar o da Lavandeira, no concello de Xove.
2. Poñer en marcha todas as actuacións necesarias para a súa protección, sinalización e conservación, dotando especificamente de recursos aos concellos onde se localicen.



3. Poñer en marcha, no ano 2017, o Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, para consulta en liña, interactivo, con mapas, planos e fotografías, así como coordenadas xeolocalizadoras e toponimia, con sinalización clara dos distintos xacementos, para dar cumprimento ao artigo 30 da Lei 5/2016 e para favorecer o coñecemento do patrimonio cultural.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 03/05/2017 11:48:59

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/05/2017 11:49:08

Luca Chao Pérez na data 03/05/2017 11:49:12

Luis Villares Naveira na data 03/05/2017 11:49:21

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu en Pleno.

O informe anual *Venezuela 2016/2017* de Amnistía Internacional é especialmente preocupante.

Segundo este informe, o Goberno declarou o Estado de excepción e prorrogouno catro veces. A maioría das persoas sospeitosas de ser responsables de crimes de dereito internacional e violacións de dereitos humanos cometidos durante as protestas de 2014 aínda non compareceron ante a xustiza. Continua a violencia e o amontoamento nos cárceres. As sobreviventes da violencia de xénero enfrontábanse a considerables obstáculos para acceder á xustiza. Buscando o seu descrédito, lanzábanse frecuentes campañas de discriminación contra periodistas e defensores e defensoras dos dereitos humanos, que tamén sufrían agresións e intimidación. Seguiuse encarcerando a persoas críticas co Goberno e a membros da oposición política. Denunciouse o uso excesivo da forza por parte da policía e das forzas de seguridade.

A maioría das sentenzas e das ordes sobre Venezuela ditadas pola Corte Interamericana de Dereitos Humanos aínda non se cumpriran ao rematar o ano 2016.

A escaseza de alimentos e medicamentos intensificouse de xeito alarmante, o que desatou protestas en todo o país.

En outubro, o alto comisionado das Nacións Unidas para os dereitos humanos declarou que varios relatores especiais tiveran dificultades para visitar o país porque o Goberno non lles concedía os permisos pertinentes.

Grupo Parlamentario

En contra do disposto polas normas internacionais de dereitos humanos, xulgase a civís perante os tribunais militares. As forzas policiais negábanse a cumprir as ordes de posta en liberdade ditadas polos tribunais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Tribunal Supremo de Xustiza limitou drasticamente mediante resolucións as facultades da Asemblea Nacional, con maioría da oposición, o que entorpecía a capacidade dos deputados e deputadas para representar aos pobos indíxenas. O Tribunal Supremo tamén anulou unha declaración parlamentaria sobre a non discriminación relacionada coa orientación sexual e a identidade de xénero, e unha declaración que pedía o cumprimento das decisións adoptadas polas organizacións intergubernamentais.

A retirada do país da xurisdición da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (efectiva desde 2013) continuou privando do acceso á xustiza, á verdade e á reparación ás vítimas de violacións de dereitos humanos e as súas familias.

Segundo o Observatorio Venezolano de Conflitividade Social, durante o ano 2016 rexistráronse aproximadamente 590 manifestacións ao mes. A maioría estaban relacionadas con demandas de dereitos económicos, sociais e culturais, en particular co acceso a alimentos, saúde e vivenda.

Seguiuse a encarcerar a persoas que se opoñían politicamente ao Goberno. Segundo o Foro Penal Venezolano, máis dun cento de persoas estaban retidas por razóns políticas.

O Comité de Dereitos Humanos da ONU expresou preocupación sobre os informes de abusos cometidos polo exército contra os pobos indíxenas establecidos na Guajira, Estado Zulia, na fronteira con Colombia.

A crise económica e social no país seguiu empeorando. Ante a falta de estatísticas oficiais, axencias privadas e independentes, como o Centro de Documentación e Análises para os Traballadores (Cenda), informaron de que desde novembro de 2015 ata outubro de 2016 houbo unha inflación do 552 % nos produtos alimentarios, o que dificultaba enormemente á poboación a compra de alimentos, incluso cando os encontraban. Segundo o Observatorio Venezolano da Saúde, o 12,1 % da poboación comía unicamente dúas veces ao día. A

Grupo Parlamentario

Fundación Bengoa para a Alimentación e Nutrición estimaba que o 25 % dos nenos e nenas padecían malnutrición.

Estas son algunhas das dramáticas conclusións do informe.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Neste difícil contexto político, social e económico, dende comezos de 2016, o Goberno de Venezuela non está facendo fronte aos pagos que deben percibir os pensionistas e xubilados españois que teñen retornado daquel país, pertencendo a este colectivo máis de 3.500 retornados galegos. Estes pagos mensuais debe abonalos o Goberno de Venezuela en virtude do correspondente convenio bilateral asinado con España.

Nos supostos de máis necesidade, moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións graves, non podendo acceder ademais aos servizos de emerxencia social ou vendo retirados os complementos de mínimos da Seguridade Social.

A situación dos galegos que residen en Venezuela está loxicamente a sufrir a situación descrita.

Estamos así ante un grave deterioro do Estado de dereito na República de Venezuela. Este proceso acadou unha situación crítica o mércores 29 de marzo, cando o Tribunal Supremo de Xustiza venezolano asumía as competencias da Asemblea Nacional, limitando a inmunity aos seus deputados e outorgándose poderes extraordinarios en materia penal, militar, económica, social, política e civil. Este intento de abolición da máis básica das regras dun réxime democrático, o respecto á lei, que foi rectificado grazas á presión internacional, levou a que numerosos países e organismos falaran de ruptura da orde democrática en Venezuela.

Dezanove países aprobaron na OEA o pasado 3 de abril unha resolución denunciando unha “violación da orde constitucional” en Venezuela, esixindo a reinstauración da separación de poderes.

O 1 de maio o presidente venezolano, Nicolás Maduro, anunciou de forma unilateral a convocatoria dunha “asamblea nacional constituínte”.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A pesar das reiteradas resolucións, ditames e declaracións, provenientes da Unión Europea, así como as do presidente del Parlamento Europeo, Antonio Tajani, de organismos rexionais como Mercosur ou a Organización dos Estados Americanos (OEA) e o seu Secretario xeral, Luis Almagro, ou das principais organizacións non gobernamentais encargadas de velar polos dereitos humanos, e do intento de mediación promovido por Unasur coa participación dos 3 ex presidentes e o Vaticano, o Goberno venezolano mantén o seu rumbo, ignorado sistematicamente as chamadas á sensatez e ao diálogo.

É necesario así adoptar todas as medidas precisas, no ámbito das relacións exteriores e sen deixar de confiar nos planteamentos de diálogo e mediación en marcha, para avanzar decididamente na paz social, a estabilidade política e institucional en Venezuela, con pleno dereito á democracia e respecto aos Dereitos Humanos. Os lazos entre Galicia e Venezuela, a situación dos galegos que residen naquela república e a dos emigrantes retornados, esixen que por parte da nosa Comunidade se tomen todas as iniciativas posibles.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Demandar do Goberno do Estado unha acción exterior firme, prioritaria e prudente co Goberno da República de Venezuela que, apostando polo diálogo, garanta as liberdades democráticas venezolanas, coa liberación dos presos políticos, asegure os necesarios procesos electorais transparentes e esixa o máximo respecto aos Dereitos Humanos.

2º) Demandar do Goberno central unha solución urxente con Venezuela, co fin de garantir a protección da nosa emigración naquel país, que desbloquee ademais o non pagamento das pensións dos nosos emigrantes, en observancia dos convenios bilaterais subscritos entre os dous países.

3º) Adoptar todas medidas necesarias para atender as necesidades máis urxentes dos emigrantes galegos máis afectados pola súa situación en Venezuela e polo non pagamento das súas pensións por parte do seu Goberno.

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/05/2017 12:02:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/05/2017 12:02:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2017 12:02:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2017 12:02:47

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza, do 16 de abril de 2002, reconece que “todos temos dereito a que as notificacións, citacións, emprazamentos e requirimentos conteñan termos sinxelos e comprensibles, así como que as sentenzas e demais resolucións xudiciais se redacten de tal forma que sexan comprensibles polos seus destinatarios, usando unha sintaxe e estrutura sinxelas, sen prexuízo do seu rigor técnico”.

Como consecuencia deste texto e por primeira vez na Xustiza europea, os xulgados de familia de Oviedo teñen servido de experiencia piloto co método que se chama “Lectura Fácil”, posto que nestes xulgados hai dous casos de incapacidade con conservación da capacidade lectora comprensiva. O sistema consiste na comunicación das resolucións simultaneamente no formato habitual de redacción e nun modelo adaptado, que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos.

Desta maneira, achégase sen dúbida a Xustiza á cidadanía, dereito moito máis acentuado cando se trata de persoas que se atopan en situación de discapacidade intelectual e ás que, polas súas concretas circunstancias, lles costa máis que ao resto aprender, comprender, se comunicar e, en particular, entender o senso e alcance das resolucións xudiciais. Diríase máis, non só cando se estea ante unha situación de discapacidade intelectual, senón tamén con relación a persoas maiores que ven mermadas algunhas facultades intelectuais polo paso da idade, á poboación inmigrante con escaso dominio do idioma, a persoas sen estudos que non saben ler nin escribir e, por extensión, a toda a poboación cando se enfronta a textos de certa especialización e complexidade técnica.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que solicite á Administración de xustiza a futura elaboración dun protocolo de actuación que serva para avaliar a aplicación do sistema de comunicación con dobre modelo de comunicación das resolucións xudiciais (no formato habitual de redacción e nun modelo adaptado, que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos) a situacións de discapacidade intelectual, con relación a persoas maiores que vén mermadas algunhas facultades intelectuais polo paso da idade, á poboación inmigrante con escaso dominio do idioma, a persoas sen estudos que non saben ler nin escribir e, por extensión, a toda a poboación cando se enfronta a textos xudiciais de certa especialización e complexidade técnica.

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/05/2017 16:59:28

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/05/2017 16:59:34

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2017 16:59:40



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2017 16:59:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Nestes días, os sindicatos de Xustiza veñen de denunciar a falta de espazo e salubridade (hai ratas), xunto coas deficiencias no edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, na provincia de Pontevedra. Estase a usar parte dun garaxe e os calabozos como arquivos, o que inhabilita os propios calabozos e, ao mesmo tempo, non semellan as dependencias máis axeitadas para almacenar os milleiros de folios e pezas de convicción, que deberían estar custodiados pero que, na realidade, se apilan de calquera xeito. Por outra banda, o proceso de dixitalización e expurgo dos documentos, que solventaría esta situación e que fora iniciado pola Xunta de Galicia, non se está a desenvolver de xeito efectivo.

Esta situación está a provocar dende hai tempo que o persoal non poida desenvolver o seu traballo con normalidade e dignamente, o que resulta máis grave se cabe, pois estamos a falar dunha comarca cun alto índice de asuntos xudiciais, provocando entón un servizo de xustiza moito menos efectivo.

Ao anterior hai que engadir a demanda histórica da creación dun cuarto Xulgado en Vilagarcía de Arousa. O edificio actual precisa dunha ampliación urxente para albergar a creación deste novo xulgado e a habilitación de espazos precisos para albergar tanto o arquivo coma os calabozos.

E que di o Goberno da Xunta de Galicia? A través do seu delegado territorial, que xustiza ten previsto intervir nos xulgados números 2 e 3 durante os vindeiros meses; neste ano 2017 no arquivo do Xulgado nº 2 e en 2018 no nº 3.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

- A. O Parlamento galego solicita a Xunta de Galicia a que dote unha partida orzamentaria específica, a través dunha ampliación de crédito, para a ampliación do edificio dos xulgados de Vilagarcía de Arousa, na provincia de Pontevedra.
- B. O Parlamento galego solicita a Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado:
- 1.- Á creación dun cuarto xulgado nesta localidade.
 - 2.- Que cumpra o Plan de modernización para o expurgo e a dixitalización de documentos -recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais-, garantindo así absolutamente a seguridade no tratamento de todos os documentos.

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/05/2017 17:07:07

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2017 17:07:14

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/05/2017 17:07:19



 Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2017 17:07:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2017 17:07:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Sanxenxo ten unha poboación de 17.314 habitantes segundo os datos de 2016, sendo a segunda poboación da comarca de Arousa. Como é coñecido, é un dos polos turísticos de Galicia no verán, tempo no que a poboación multiplícase ata superar os 100.000 habitantes, converténdose na terceira cidade de Galicia nos meses de xullo e agosto debido aos fluxos de poboación que se producen (por detrás unicamente de Vigo e A Coruña). Por esta razón a dotación de servizos públicos merece unha atención específica que teña en conta estas circunstancias.

O Centro de Saúde e PAC de Baltar é a referencia sanitaria de Sanxenxo. Este centro é referente para a poboación deste municipio e do veciño Meaño (5.341 habitantes en 2016), polo que atende a máis de 20.000 persoas. A pesares deste dato, e do coñecido aumento de poboación en época estival, o centro amosa certas deficiencias na dotación de servizos.

No ano 2000 a Guía de Servizos de Urgencias Sanitarias 061 indica que o PAC de Baltar contaba con dúas ambulancias, unha SVA (medicalizada) e unha SVB (asistencial) durante todo o ano. Na actualidade, unicamente se dispón dunha SVA apenas durante o período de verán, o que limita claramente os servizos sanitarios.

No que corresponde aos profesionais, é constatable que non están a ser cubertas as baixas e/ou vacacións do persoal do centro de saúde, o que limita claramente a calidade asistencial que se ofrece ás persoas que alí acoden, e se saturan os servizos por riba dos datos estimados xa que estes se calculan sempre sobre o total de profesionais.

De maneira especial, a reivindicación veciñal céntrase nas deficiencias na atención pediátrica, pois existen dúas prazas de pediatras pero unha delas non está sendo cuberta, mentres que a outra o é por unha médico de familia.

Grupo Parlamentario

No caso dos horarios de garda no PAC, unicamente cóntase cun facultativo. Isto provoca varias circunstancias deficitarias en canto ao servizo, pois no caso dunha urxencia cunha ambulancia o centro de saúde queda sen médico, pois este debe saír coa SVB e queda o centro sen profesional. Non poder ser atendido no centro de saúde de Baltar supón, para os habitantes da zona terse que desprazar ao Hospital Provincial de Pontevedra, que está a máis de 35 minutos en coche (que debера ser propio).

A dotación extra de persoal en verán é mínima, recibindo dous facultativos máis cando se reciben 80.000 persoas extra nesa época.

Estes déficits teñen motivado as queixas dos profesionais, as manifestacións veciñais dos afectados/afectadas (a última o 14 de abril), e unha reclamación á Valedora do Pobo que foi admitida e está en trámite.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar a dotación de servizos para o PAC de Baltar, coa achega de:

- Unha dotación de ambulancia/s medicalizada/s para a comarca de Arousa-Salnés, que cubran as necesidades sanitarias e cumpran cos criterios establecidos en distancias, isocronas e servizos.
- Cobertura dunha praza de pediatría máis das existentes reais no PAC de Baltar.
- Adecuación dos servizos sanitarios á poboación estimada en época de verán, para garantir os servizos de forma que se contribúa a mellorar as potencialidades do municipio e a comarca.

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2017 17:21:37

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2017 17:21:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2017 17:21:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo Pouso, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia vén desenvolvemento a mellora dos transportes en Galicia e entre os distintos plans que se están a poñer en marcha ten unha especial relevancia para os cidadáns da Coruña a mellora do seu transporte interurbano e metropolitano, a través da penetración de autobuses interurbanos ao centro da cidade con paradas a maiores da estación de autobuses. Unha acción que permitiría aumentar como mínimo un 10 por cento os usuarios deste transporte coas vantaxes que isto tería para reducir coches particulares e, polo tanto, a mellora da mobilidade, o tráfico e a redución de gases de efecto invernadoiro.

O seguimento deste plan de penetración de transporte interurbano no centro da cidade da Coruña vén sendo desenvolvido e consensuado en diálogo cos concellos da área urbana a través da “Comisión de Seguimento do Plan de Transporte Metropolitano da Coruña”.

No marco desta comisión, na última reunión celebrada o pasado 19 de abril nas dependencias da Xunta de Galicia na Coruña, ademais de explicarse o resultado do último proceso de información pública, validouse e aprobouse o plan de entrada dos autobuses interurbanos no centro da cidade coa previsión de poñelo en marcha antes do verán.

Por todo o anteriormente exposto, desde o Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



- 1. Acelerar o máximo posible a implantación do Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña para poñelo á disposición dos cidadáns á maior brevidade.*
- 2. Facer un seguimento do uso e valoración do dito plan por parte dos cidadáns da Coruña.*
- 3. Dar conta a este Parlamento dos resultados do primeiro ano de funcionamento, demandas de mellora ou ampliación por parte dos usuarios e posibles variacións en función deste tempo de proba.*
- 4. Solicitar do Concello da Coruña colaboración para a posta en marcha deste plan á maior brevidade posible”.*

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/05/2017 18:59:20

Martín Fernández Prado na data 03/05/2017 18:59:34

Jaime Castiñeira Broz na data 03/05/2017 18:59:51

Marta Novoa Iglesias na data 03/05/2017 18:59:59

Gonzalo Trenor López na data 03/05/2017 19:00:26

Diego Calvo Pouso na data 03/05/2017 19:00:45

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 03/05/2017 19:01:02

María Julia Rodríguez Barreira na data 03/05/2017 19:01:22

Antonio Mouriño Villar na data 03/05/2017 19:02:04



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:25
Nº Rexistro: 8618
Data envío: 04/05/2017 13:25:23.297

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O 28 de abril de 2017 Consello de Ministros acordou a remisión á Comisión Europea do Programa de Estabilidade de España 2017-2020 e do Programa Nacional de Reformas do Reino de España 2017. Esta remisión é obrigatoria para todos os Estados membros da UE e constitúe a **planificación oficial das** contas públicas para cumprir os obxectivos de déficit.

Na información que fixo pública o Goberno obviou contidos importantes que aparecen no Programa de Estabilidade como é que se detalla o custe do rescate das autoestradas quebradas: as radias madrileñas (R-2, R-3, R-4 y R-5), a AP-36 Ocaña-La Roda, a M-12 Eje Aeropuerto, a circunvalación de Alicante (Ciralsa), a AP-41 Madrid-Toledo e Aucosta (Cartagena-Vera).

Concretamente a cifra que prevé pagar o Goberno a costa do erario público sitúase nos 3.500 millóns de euros, tal e como se recolle literalmente na Actualización do **Programa de Estabilidade de España 2017-2020**:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:25
Nº Rexistro: 8618
Data envío: 04/05/2017 13:25:23.297

"Finalmente, en cuanto a la evolución del gasto en inversiones (FBCF), se estima que a lo largo del período 2017-2020, tras un período de contención del gasto público, la inversión FBCF volverá a crecer para atender al mantenimiento de las inversiones y acometer nuevas inversiones financieramente sostenibles. En todo caso, para el período 2017-2018, esta rúbrica está afectada por la cobertura por importe de 3.500 millones de euros para atender la responsabilidad patrimonial derivada de los procedimientos judiciales de las ocho autopistas de peaje que se encuentran en concurso de acreedores y que se estima pueda hacerse efectiva en dicho período."

En suma, confirman que -como mínimo- van a destinar 3.500 millóns de euros para rescatar as citadas autoestradas, ao mesmo tempos que din que non hai nin un só céntimo de euros para acabar coa estafa das peaxes da AP-9. Non só iso, senón que nese mesmo período o que se anuncian aumentos importantes nas peaxes e pagala os usuarios/as galegos/as.

Ante esta situación que nos parece un agravio inaceptábel, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución instar á Xunta de Galiza e ao seu Presidente a:

1. Adoptar todas as medidas legais e políticas ao seu alcance para evitar que se rescate con fondos públicos as radias madrileñas (R-2, R-3, R-4 y



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:25
Nº Rexistro: 8618
Data envío: 04/05/2017 13:25:23.297

R-5), a AP-36 Ocaña-La Roda, a M-12 Eje Aeropuerto, a circunvalación de Alicante (Ciralsa), a AP-41 Madrid-Toledo e Aucosta (Cartagena-Vera).

2. Demandar do Goberno do Estado, que a cantidade prevista no *Programa de Estabilidade de España 2017-2020* para rescatar autoestradas se dedique con carácter preferente ao rescate da AP-9.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2017 13:24:16



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:25
Nº Rexistro: 8618
Data envío: 04/05/2017 13:25:23.297

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2017 13:24:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2017 13:24:24

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2017 13:24:28

Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2017 13:24:33

Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2017 13:24:38



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:36
Nº Rexistro: 8622
Data envío: 04/05/2017 13:36:18.836

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao peche de camas hospitalarias durante os meses de verán.

A Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza durante os meses de verán.

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión vai significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre @s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados.

No eido laboral vai significar o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público, impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:36
Nº Rexistro: 8622
Data envío: 04/05/2017 13:36:18.836

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, miles de profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a non pechar unidades de hospitalización, e a realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de camas nos centros hospitalarios do Sergas.

Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptibles de ser usados nos centros públicos.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:36
Nº Rexistro: 8622
Data envío: 04/05/2017 13:36:18.836

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2017 13:34:54

Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2017 13:34:59

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2017 13:35:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2017 13:35:06

Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2017 13:35:10

Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2017 13:35:13

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A superficie queimada en Galicia a 25 de abril de 2017 é altamente alarmante con case 2.000 ha arrasadas polo lume desde o Nadal.

Os lumes comezaron a facer acto de presenza desde principios de ano aproveitando a seca desta tempada, e como as condicións meteorolóxicas seguen amosando un comportamento anómalo para os parámetros habituais da meteoroloxía, aínda que a normalidade no comportamento meteorolóxico fai tempo que semella haber desaparecido e pouco a pouco as consecuencias do cambio climático van collendo carta de natureza e amosando a súa faciana máis dura e crítica.

Os incendios a estas alturas do ano parece que lamentablemente deixan de ser unha nota pintoresca para pasar a ser un alarmante presaxio do que pode chegar a pasar neste país se non cambian drasticamente as condicións climatolóxicas.

Todos e todas sabemos que se se dan certas circunstancias, como ter unha humidade relativa de menos do 30 %, se a temperatura está por riba dos 30 °, se o vento sopra por riba dos 30 km/h (máxime se é nordés) é a cuadratura perfecta, e tamén se estamos diante dunha tempada de seca onde pasen máis de 30 días sen chover. Con estes elementos conxugados o contexto perfecto para unha vaga de lumes está servido.

Estas circunstancias xúntanse co abandono crecente de amplas zonas do país que propician o crecemento descontrolado de mato, sotobosque e bosque sen ningún tipo de organización. As terras labradas e prados, que noutra hora eran un factor de freo aos lumes, hoxe vense reducidas e invadidas pola maleza, e xa non forman amplos espazos que illan o lume no monte; a este factor súmase o despoboamento e o envellecemento imparabile da poboación no medio rural.

Grupo Parlamentario

A falta dunha organización do espazo e dos usos do chan veñen a incrementar o catálogo de eivas que sementan o panorama favorecedor dos lumes que ameazan con mudar a faciana do país.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nesta iniciativa queremos tocar outro dos factores que inciden nos lumes: os incendios intencionados.

Dentro desta categoría queremos centrarnos nos intencionados (deixamos de lado os incontrolados involuntarios, nomeadamente queimas autorizadas que por diversas razóns se escapan do control por abandono ou falta das medidas adecuadas para o seu control).

Segundo datos de diversas fontes, preto do 80 % dos lumes que asolan o país son debido a diversas tipoloxías de incendiarios polo que consideramos fundamental o control e o seguimento destes individuos con tan perigosas inclinacións.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

A) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Dotar de máis medios os organismos autonómicos encargados do control e do seguimento dos lumes.

2º) Realizar unha campaña de sensibilización nos centros de ensino.

B) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado para que:

1º) En coordinación co Ministerio do Interior incremente o control en zonas sensibles ou de grande e reiterada incidencia dos lumes.



 Grupo Parlamentario

2º) Dote de máis medios a Xustiza co fin de axilizar os xuízos por incendios.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/05/2017 13:33:12

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 13:33:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/05/2017 13:33:37



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:39
Nº Rexistro: 8641
Data envío: 04/05/2017 16:39:02.648

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á efectivización de medidas sobre a endometriose.

A endometriose é unha doenza crónica que se caracteriza polo crecemento do tecido do endometrio fóra da súa localización habitual, a mesma afecta en Galiza a unhas 60.000 mulleres.

O descoñecemento sobre esta doenza segue a ser alto, entre as propias mulleres, mais tamén entre moit@s profesionais da sanidade, por esta razón a asociación “querENDO” trasladounos aos grupos con representación no Parlamento galego unha iniciativa en demanda de medidas tanto para abordar a enfermidade como para a súa visibilización e coñecemento. Deste xeito a comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrado o 22 de abril de 2015 aprobou por unanimidade a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia e, en particular, a Consellería de Sanidade, a:

1. Difundir a Guía de coidados a mulleres con endometriose publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre os profesionais e as profesionais sanitarias que atenden a estas mulleres (persoal de xinecoloxía, persoal de medicina en atención primaria, persoal de enfermaría,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:39
Nº Rexistro: 8641
Data envío: 04/05/2017 16:39:02.648

matronas e matrones...) co fin de mellorar a atención que reciben as enfermas con endometriose.

2. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de poñer en marcha un Plan de detección precoz da endometriose.

3. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de levar a cabo a de unidades de endometriose especializadas e multidisciplinarias nos hospitais públicos de Galicia.

4. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de facilitar as derivacións das pacientes con endometriose grao IV a unidades especializadas, incluíndo outras áreas sanitarias (mesmo fóra de Galicia) mentres non as haxa na área propia da doente ou as existentes non poidan asumir todos os casos.

5. Fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos.

6. Transmitir aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose.”

Tendo transcorrido dous anos desde a aprobación da iniciativa, os avances na posta en marcha das medidas contempladas na mesma son moi escasas, por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/05/2017 16:39

Nº Rexistro: 8641

Data envío: 04/05/2017 16:39:02.648

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer de inmediato en marcha todas as actuacións referidas á endometriose acordadas na comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego na súa sesión do 22 de abril de 2015.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2017 16:33:53

Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2017 16:33:57

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2017 16:34:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2017 16:34:04



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:39
Nº Rexistro: 8641

Data envío: 04/05/2017 16:39:02.648

Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2017 16:34:07

Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2017 16:34:10

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

De todos é coñecida a proliferación de árbores do xénero *eucaliptus* que desde mediados do século XX comezaron a estenderse fundamentalmente pola Galicia costeira de mans da especie do *Globulus*, que pouco a pouco foille ganando terreo a outros xéneros e especies arbóreas autóctonas ata chegar a constituír un auténtico monocultivo forestal que ocupa aprox. 290.000 ha de manchas puras deste xénero, que sumadas ás aprox. 150.000 ha de eucalipto mesturado con caducifolias e piñeiros chega ata ás aprox. 450. 000 ha que ocupa en Galicia, case o dobre do previsto para un horizonte temporal do ano 2032.

As razóns desta eclosión forestal hai que buscalas en varias causas que van desde a gran adaptación dalgunha especie ao clima galego de influencia marítima e a máis recente doutras especies do xénero a climas máis extremos e de altitude. Ademais, o rápido crecemento das distintas especies é un elemento que xoga a favor do eucalipto nunha sociedade que tende a buscar rendementos de xeito inmediato e non é quen de ver máis alá dunha década; e xunto a esta característica está a demanda da industria pasteira e máis recentemente tamén a dos taboleiros.

O desbordamento superficial das previsións sobre as árbores deste xénero tamén é froito da falta e/ou insuficiencia no control e na planificación da política forestal galega do ano 1992. Esa política forestal non soubo prever o impacto de moitas variables que levaron á situación actual que ameaza con descontrolar a planificación forestal, e mesmo dar ao traste coa viabilidade e multifuncionalidade tanto da superficie forestal como do monte e das plantacións dos produtores que aspiran a ter nelas unha fonte de ingresos.

Non é suficiente deixar fóra das especies subvencionables ao eucalipto xa que a rapidez no crecemento e o rendimento económico son motores que expanden o cultivo sen aparente contención.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A pesar de que na Lei de 2012 se prohibe plantar eucaliptos en terreo agrícola, nas proximidades das casas, nas marxes dos ríos, en zonas de protección, en manchas forestais de caducifolias, e ter que pedir permiso especial para plantacións de máis de 5 ha., a evidencia da comprobación sobre o espazo xeográfico galego fálanos doutra realidade ben distinta.

En distintos medios relacionados co mundo rural, fálase dunha superficie aproximada de 30.000 ha. de terras agrícolas plantadas principalmente con eucaliptos, vulnerando de plano a Lei de 2012.

Na actualidade os medios tecnolóxicos dos que dispón a Consellería e os distintos organismos e entidades dependentes da Xunta son máis que suficientes para detectar a localización e a superficie que ocupan as masas forestais en terra agrícola e, nomeadamente, as ocupadas polas distintas especies do xénero eucalipto e piñeiro.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar un informe que avalíe o grado de cumprimento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. De detectarse a existencia de plantacións silvícolas en terras agrícolas tomar as medidas oportunas co fin de reintegrar esa superficie para os usos agrogandeiros.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/05/2017 16:39:26

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 16:39:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/05/2017 16:39:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:49
Nº Rexistro: 8647
Data envío: 04/05/2017 16:49:54.156

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á previsión dunha tala de árbores indiscriminada no Concello de Xinzo de Limia por mor dunha obra financiada pola Xunta de Galiza.

Diversas organizacións políticas, veciñais, sociais e ambientais como a Sociedade Galega de Historia Natural, Amigos da Terra, a Asociación Ríos Limpos, a Asociación para a Defensa da Natureza de Galiza (ADEGA) e un longo etcétera veñen denunciando nas últimas semanas a previsión dunha tala indiscriminada para arredor de medio cento de árbores (plataneiras) situadas na avenida de Celanova do Concello de Xinzo de Limia no decorrer da estrada OU-531. Así mesmo, froito da inqueda veciñal e da vontade popular naceu a asociación Amig@s das árbores de Xinzo de Limia que iniciou traballos para recoller sinaturas e apoios na defensa das árbores.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é urxente explorar alternativas á tala, a todas luces inxustificada por unha remodelación urbanística xa que podería traer como consecuencia a perda dun importante patrimonio natural, con forte arraigo na localidade e que atinxe a árbores con décadas de idade que ademais están situadas no Camiño de Santiago. Alén do arraigo e das razóns paisaxísticas cómpre poñer en valor a súa función ambiental tanto na redución da contaminación como noutros beneficios como a contribución á regulación da temperatura ou o fornecemento de zonas de sombra.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:49
Nº Rexistro: 8647
Data envío: 04/05/2017 16:49:54.156

Cómpre lembrar que se trata dunha obra financiada pola Xunta de Galiza e que polo tanto esta administración ten unha responsabilidade no asunto que debe ser esixida por parte do Parlamento Galego conforme demanda a veciñanza e a aplicación de criterios de sostibilidade ambiental. Por todo isto, o grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego...

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a procurar unha alternativa á tala das árbores da avenida de Celanova no Concello de Xinzo en colaboración con esta entidade local e as organizacións veciñais, sociais e ambientais para evitar a perda deste patrimonio natural.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 16:49
Nº Rexistro: 8647
Data envío: 04/05/2017 16:49:54.156

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2017 16:45:36

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2017 16:45:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2017 16:45:46

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2017 16:45:50

Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2017 16:45:52

Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2017 16:45:55

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O barrio de Mollabao, a menos dun quilómetro do centro da cidade de Pontevedra, presenta un estado de abandono tal que provoca queixas reiteradas dos veciños e veciñas: deficiencias na limpeza, invasión das beirarrúas pola maleza, abandono das pistas deportivas ou escaseza de contedores de lixo son algunhas desas queixas, pero tamén a velocidade inapropiada de moitos/as condutores/as e, sobre todo, o ruído excesivo provocado polo paso continuo de vehículos a gran velocidade pola ponte da AP-9.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Que arranxe totalmente os problemas de abandono no barrio de Mollabao, en Pontevedra:
 - a) Arranxando as eivas que existen na estrada PO-546 e que pasa polo barrio.
 - b) Autorizando ao Concello de Pontevedra que poida acometer de xeito inmediato obras urxentes de calmado de tráfico na PO-546.
 - c) Mellorando a mobilidade peonil e ciclista en toda a PO-546, instalando, como mínimo, pasos sobreelevados que reduzan a velocidade máxima real a 30 km/h e diminuindo o ancho da calzada para ensanchar as beirarrúas e crear novos espazos que permitan a mobilidade sostible en condicións de seguridade.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- 2) Que ceda a estrada PO-546 ao Concello de Pontevedra, nos treitos que se acorden ou na súa totalidade pero, como mínimo, entre as interseccións coas rúas Manuel del Palacio (Campolongo) e Camelias (Pontemuíños).
- B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a estudar a adopción de diversas solucións técnicas (redución da velocidade, pantallas acústicas, novas xuntas de dilatación, entre outras) que permitan reducir o ruído provocado polo paso de vehículos a gran velocidade sobre a ponte da AP-9, ruído que soportan os veciños e veciñas do barrio de Mollabao, en Pontevedra.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/05/2017 17:33:27

María Luisa Pierres López na data 04/05/2017 17:33:32

Raúl Fernández Fernández na data 04/05/2017 17:33:36



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/05/2017 17:33:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Eva Solla Fernández** e do seus deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre o Centro de Saúde da Milagrosa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde da Milagrosa, situado na rúa Río Ser, en Lugo, atende a unha poboación de 29.000 habitantes, cunha alta taxa de avellentamento.

As instalacións do centro son obsoletas, presentando graves problemas de espazo.

A planta baixa é moi pequena e soporta aglomeracións á primeira hora, por mor da realización das analíticas de sangue, chegando a estar case un cento de persoas nun espazo reducido, con forte olor por mor dun mal saneamento.

Por falta de espazo físico, carécese dun lugar adecuado para espirometrías, colápsase a zona de cita previa, non hai consultas para a titorización dos MIR e non hai espazo suficiente nas consultas para tratar pacientes en padiola.

O centro presenta unhas escaleiras moi estreiras e só un ascensor, vello e moi reducido, que provoca graves problemas de seguridade e accesibilidade no edificio.



A isto únese a falta de mantemento e limpeza, por terse retirado prazas de limpeza en horario de mañá.

O persoal de Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa sofre gran saturación de traballo, pois non se cobren as baixas e os e as pacientes quedan sen médico/a nas vacacións do persoal, precisándose un aumento do cadro de persoal.

As circunstancias descritas –gran cantidade de poboación e avellentada, non substitución de baixas, instalacións obsoletas– derivan nunha situación de colapso do centro e deterioro da calidade asistencial.

En 2011 finalizou o traslado da actividade do Hospital Xeral de Lugo ao HULA. A Xunta prometeu, entón, o desdoblamento do Centro de Saúde da Milagrosa nas instalacións do antigo Hospital Xeral, unha localización excelente para toda a cidade, con boa accesibilidade.

A Consellería de Sanidade é coñecedora da situación, tendo realizado o propio Conselleiro de Sanidade unha visita ao centro en decembro, e recoñece a necesidade de desdobrar este Centro de Saúde.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, no presente período de sesións, un proxecto, cronograma e previsión de orzamentos para proceder ao desdoblamento da Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral.



2. Acometer as reformas necesarias no Centro de Saúde da Milagrosa.
3. Desenvolver unha planificación das necesidades de novos centros de saúde en Galicia na que se incorporará unha previsión de reformas nos mesmos.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/05/2017 17:45:40

Eva Solla Fernández na data 04/05/2017 17:45:48

Luis Villares Naveira na data 04/05/2017 17:45:55

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, **relativa a solicitude dunha moratoria na entrada en vigor do Decreto de Vivendas Turísticas e Vivendas de Uso Turístico**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Grupo Parlamentario de En Marea consideramos que é unha regulación necesaria e moi importante dado o baleiro legal existente.

Consideramos que o decreto debería de facilitar, coas mínimas exixencias regulatorias, a afloración da maioría de vivendas que se dedican a esta actividade e non pór trabas que dificultarían ese obxectivo.

O decreto debería de considerar que na súa inmensa maioría estes alugueiros supoñen un complemento importante para a economía de moitas familias en situación vulnerable, moitas delas formadas por xubilados, e non debería de supoñer unha actividade económica que poida distorsionar o mercado turístico sempre que se controle de maneira ordenada a súa expansión e non se permita a grandes empresas ou grupos inversores aproveitar, con fraude de lei, esta opción das Vivendas de Uso Turístico para eludir as normativas esixidas a outras formas de aloxamento turístico máis reguladas. Por iso debe primar o principio de flexibilidade e dar facilidades para cumprir a normativa.



Tamén hai que considerar que este tipo de alugueiros supoñen unha importante inxección económica derivada para moitas zonas de Galicia que non teñen moitas alternativas de desenvolvemento ou que están a pasar por momentos de crise económica e laboral.

Supoñen un atractivo para un tipo de turistas aos que se non se lles ofrece este tipo de servizo, non optarán por outra alternativa en Galicia, se non que cambiarán a súa decisión por visitar outras zonas como a veciña Asturias.

O decreto que debe entrar en vigor o 10 de maio redactouse cunha gran falta de consenso entre os actores, en concreto non se contou coa opinión de asociacións do sector de vivendas de uso turístico en Galicia nin coa maioría de Concellos máis afectados. **Por iso solicitaremos unha moratoria de seis meses na súa posta en vigor** para conseguir puír os aspectos máis conflictivos e así non arruinar a tempada de verán de 2017 a moitas familias que necesitan estes ingresos.

O decreto é moi mellorable. É evidente que se fixo con présas. A Xunta está disposta a suplir con inspectores e normativas internas, que non pasan polo DOGA, o que non investiu en lograr consenso e en dar información previa a redacción do Decreto? A Xunta pon en grave perigo a actuación independente da Inspección turística ao situala nunha inseguridade xurídica evidente pola contradición deste decreto coa normativa xa existente que a pode levar á nulidade das súas actuacións ou situala na disxuntiva dun expediente disciplinario para evitar unha presunta prevaricación.

Por iso propoñemos que durante o período de moratoria solicitado nesta PNL trabállese co sector, técnicos expertos, Concellos afectados e nesta Comisión 6ª para mellorar substancialmente o Decreto e atender ademais as alegacións realizadas pola CNMC.

Tamén consideramos imprescindible contar ca opinión e experiencia dos Inspectores de turismo. A Administración turística conta con excelentes



profesionais na Inspección turística dos que non bota man para participar na elaboración da ordenación turística. Despreza a experiencia, coñecementos e labor de asesoramento destes profesionais con máis de 30 anos de existencia e contacto cotián co sector. O cal só pode entenderse dende a ignorancia dos directivos ou a incomodidade que a obxectividade da Inspección representa para a directriz política do turismo en Galicia ou outros espurios intereses.

Entre outros asuntos que iremos propoñendo nesta comisión como PNL ou Proxectos de Lei, enumeramos uns moi importantes:

- Falta informar e aclarar dúbidas sobre os artigos de aplicación discrecional ás corporacións municipais.
- Falta informar e aclarar dúbidas, ás plataformas de reservas e demais canles de comercialización e sobre todo aos propios afectados, os propietarios destas vivendas. Na actual lei de tampouco se definen cales son os “canles de oferta turística”. É un concepto fundamental recollido no artigo 5 da LAU que obrigou á ordenación autonómica destas vivendas turísticas. Exemplo desta norma pode ser a publicada en Andalucía (Decreto 28/2016, do 2 de febreiro). En calquera caso non é doado excluír as plataformas en liña nas que se ofrece o contacto entre os provedores e persoas usuarias tipo airbnb, booking e similares, sexan multinacionais ou locais, máxime cando se permita a reserva de aloxamento. O criterio exhibido pola Axencia reduce practicamente estas canles ás axencias de viaxes e pouco máis. Maniféstase, unha vez máis, unha incomprensible inhibición fronte a estes novos medios de comercialización de oferta turística.
- Crea moitas inseguridades xurídicas: Por exemplo o Artigo 5.2 onde se fala de menos de 30 días de aluguer , consideramos que debería de estenderse como mínimo ao mes natural, ou mellor aos dous meses, impedindo por outra parte a concatenación de contratos sucesivos co mesmo cliente para evitar que



se tente de eludir a lei de arrendamentos urbanos. En ningún caso as persoas que aluguen as vivendas de uso turístico poderían fixar nelas a súa residencia habitual.

- O artigo 40 Normas de réxime interior pode resultar confuso e o artigo 41 de réxime de exercicio da actividade o suficiente farrogo para desincentivar a regulación da vivenda .Córrese o risco que os propietarios non regularicen porque a norma é inconcreta en todo o concernente á habitabilidade, urbanismo, etc., deixando demasiada discrecionalidade aos Concellos.
- Deixa en mans da interpretación dos municipios cuestións como a limitación de número máximo por edificio ou por sector de vivendas de uso turístico. Consideramos imprescindible este control, pero deberían de esixirse uns criterios obxectivos a aplicar. Pola contra, xa que se trata dunha actividade netamente turística, debe ser a Xunta, polo súa competencia exclusiva, quen de atreverse a regular estes aspectos. Establecer criterios obxectivos é a obriga dunha Administración turística que se prece como tal. E non debe deixar ó albur de cada concello a aplicación destes aspectos fundamentais. Estamos a falar da capacidade máxima, de evitar que se usen baixos, garaxes, almacéns ou similares para pernoctar, de establecer cantas vivendas de uso turístico dun inmovible (bloques ou pisos) poden destinarse a esta actividade para evitar a especulación inmobiliaria ou a destrución residencial, etc. Tamén para evitar a competencia desleal coas Vivendas Turísticas, Apartamentos ou Casas de Turismo Rural sometidos a unha regulamentación mais exixente.
- Existe alta preocupación nos propietarios pola entrada en vigor. Teñen moitas dúbidas, sentan desinformados e están a atopar interpretacións diversas segundo o técnico municipal que lles atenda.

- É desexable que a administración autonómica facilite medios aos municipios para que poidan informar apropiadamente aos afectados por esta normativa.
- No Decreto non se fala nada da calidade, parece que se está lexislando só cuestións urbanísticas e non turísticas. Deberíase de incidir en como e ata que punto debemos impulsar a mellora da calidade das vivendas de uso turístico, todo iso cun plan a medio prazo, dotado de incentivos públicos, para lograr a excelencia neste sector.
- A modificación da LAU deixa ás vivendas vacacionais fora desa regulación. Con todo aplícase a LAU para a prohibición da cesión por estancias. (Artigo 5.1) Por que se impón esta prohibición cando moitos usuarios o que demandan é exactamente a convivencia cunha familia? Apostamos por permitir a cesión por habitacións a condición de que o propietario conviva na mesma vivenda. A Xunta rectificou neste tema permitindo o aluguer por habitacións, pero non as inclúe neste decreto deixándoas nun baleiro xurídico. Segundo as declaracións públicas, a Axencia Turismo de Galicia as considera fóra da normativa turística (¿?) relegándoas a usar o Código Civil do século XIX. ¿É isto compatible co impulso, incentivo e modernidade do movemento turístico para maior riqueza do país?
- O Decreto debería simplificarse e evitar unha discrecionalidade tan alta na súa aplicación por parte das corporacións municipais: Existen queixas de propietarios de vivendas de algúns municipios onde se lles esixiu desde a corporación municipal que a vivenda teña baño de minúsválidos. Esta esixencia non aparece na norma pero o técnico municipal interpretou o artigo 5.5 neste sentido. "O cumprimento por parte destas vivendas da normativa sobre promoción da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas serán correspondente aos edificios de uso privado".

- As obrigacións que traslada a norma ás corporacións municipais: Impón unhas cargas aos concellos en relación coa tramitación e os concellos non están hoxe comprometidos con esta tarefa ou non teñen persoal para poder atendela.
- Desde a Xunta deberíase de impulsar unha campaña para conseguir a colaboración dos Concellos para que os artigos fáganse referenciabes e efectivos. Que ningún propietario acuda a unha oficina municipal e atópanse con que a oficina municipal non queira cumprir, por falta de medios ou outras causas o que está establecido na lei. A Directiva Bolkestein (ou de Servizos) propugna e esixe a simplificación da excesiva burocracia administrativa para favorecer as actividades profesionais e económicas. Non se está a levar a cabo a necesaria reforma para acadar a simplificación nin tampouco se promove a necesaria coordinación interadministrativa. Boa medida sería que cando calquera persoa presentara a comunicación previa ou comunicación dunha actividade turística perante o concello se trasladara á Turismo da Xunta de forma obrigatoria para que emita un informe para indicarlle con claridade en que tipo de actividade turística se pode ou se debe clasificar. Este tipo de informes xa se están facendo pola Inspección turística para os concellos que o demandan porque na actualidade é algo voluntario e supón unha vantaxe para os promotores. Trátase dunha medida que deberá incluírse como obriga na lei de turismo de Galicia modificando o seu actual artigo 49.
- Establecer sistemas de fácil tramitación para aquelas vivendas que teñen dificultades para conseguir acreditar que posúen licenza de ocupación ou cédula de habitabilidade por estar en zonas sen planificación ou ser construídas antes de que estas normativas entrasen en vigor. Todo elo sen eludir todos os aspectos de calidade mencionados e outros que se deberían incorporar ao Decreto Lei.



Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para evitar as consecuencias dunha entrada en vigor do Decreto con todas ás deficiencias e inseguridades descritas na Exposición de Motivos.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a **establecer unha moratoria de seis meses na posta en vigor** do Decreto de Vivendas Turísticas e Vivendas de Uso Turístico para conseguir modificar, puír e aclarar os aspectos máis conflitivos da normativa na liña do manifestado na exposición de motivos.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 04/05/2017 18:06:27



Luis Villares Naveira na data 04/05/2017 18:06:43

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio e entorno do Rebullón é un ben público situado no Concello de Mos e xestionado pola Xunta de Galicia.

O peche de antigo Hospital do Rebullón cun total de 25.666 metros cadrados de construción e rodeado por 6 hectáreas de terra, supón ter un edificio con moitas posibilidades de uso, ademais de ser un edificio de fácil acceso para veciñas e veciños de Mos e Comarca.

Actualmente non se utilizan mais de 16.000 metros cadrados da construción principal que son destinados á dependencias da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), unha base do 061, o rexistro de pacientes do SERGAS, un novo servizo de almacenamento de mobiliario e equipamento e un almacén do SERGAS coas Historias Clínicas.

Existen carencias de servizos tanto no Concello de Mos como na Comarca para satisfacer necesidades sociosanitarias que poderían ser cubertas cunha recuperación do Hospital e a implantación no mesmo, de servizos públicos de esta índole.

Por todo o anterior, En Marea realiza a seguinte Proposición non de lei:



- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que elabore un estudio técnico-económico sobre as instalacións do antigo Hospital do Rebullón para atender ás necesidades de servizos públicos de carácter sociosanitario.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 04/05/2017 18:11:24

Luis Villares Naveira na data 04/05/2017 18:11:31

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilícito no Código Penal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O fenómeno da corrupción en España resulta innegable, a súa existencia xera unha profunda desconfianza na cidadanía, sendo unha das principais preocupacións da sociedade española.

Esa desconfianza no sistema político e democrático, aumenta cando se observa que o ordenamento xurídico actual resulta insuficiente para atacar a esta lacra social de crecente intensidade.

Na situación de emerxencia social na que vive o país, vemos día a día un goteo incesante de noticias nas que políticos, servidores públicos e funcionarios están relacionados con condutas delituosas vinculadas á corrupción, coa correlativa axuda de empresarios ou particulares.

Resulta intolerable para o conxunto da sociedade o uso ou abuso dun cargo público para a obtención dun beneficio particular, para desta forma, incrementar o seu patrimonio persoal de maneira ilícita.

O delito de enriquecemento inxusto ou ilícito xorde para sancionar pola vía penal a aquel funcionario, cargo político ou servidor público que no exercicio



das súas funcións e valéndose da súa posición, incrementa o seu patrimonio persoal de forma ilícita ou inxustificada, atendendo aos seus ingresos ou rendas.

Certo é que en España xa contamos con instrumentos legais, como, o suborno, a prevaricación, o tráfico de influencias, a apropiación indebida, a falsidade documental, a malversación de caudais públicos, o branqueo de capitais, delitos contra a Facenda pública, entre outros; cuxo fin, é castigar as condutas levadas a cabo por políticos, funcionarios ou servidores públicos que no uso do seu cargo obteñan un beneficio ilícito para si ou para terceiros; con todo, estes mecanismos resultan insuficientes e insatisfactorios para combater a corrupción dada a complexidade na súa investigación e as deficiencias probatorias. A Administración de Xustiza atópase desbordada pola cantidade de dilixencias a practicar, a dificultade das probas documentais, pola enxeñería financeira que enmaraña todo o proceso coa presenza de contas bancarias transfronteirizas, homes de palla, paraísos fiscais, entre outros.

Aínda que este delito non se atope tipificado no noso país, si que existen referentes no Dereito internacional, que o recomenda como medida insubstituíble para loitar contra a corrupción, e no Dereito comparado, que o contempla e aplica con resultados satisfactorios. A Convención das Nacións Unidas contra a corrupción, aconsella a tipificación do delito de enriquecemento ilícito, definíndoo no artigo 20 como *“o incremento significativo do patrimonio dun funcionario público respecto dos seus ingresos lexítimos que non poida ser razoablemente xustificado por el”*. De forma similar, pronúnciase o artigo 9 da Convención Interamericana contra a Corrupción.

O que se pretende é aplicar un tipo penal máis aberto e sinxelo na súa formulación, que garanta o normal e correcto funcionamento de cargos e



empregos públicos; que permita combater contra a corrupción e as súas consecuencias sociais e sancione, no ámbito penal, a ilícita obtención de beneficios económicos de funcionarios, políticos ou servidores públicos.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei, para ao seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao executivo central a implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilícito no Código Penal, para avanzar na loita contra a corrupción.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/05/2017 18:11:57

Carmen Santos Queiruga na data 04/05/2017 18:12:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:27
Nº Rexistro: 8683
Data envío: 04/05/2017 18:27:18.763

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para atender as demandas das persoas que padecen Atrofia Muscular Espiñal (AME).

A Atrofia Muscular Espiñal (AME) é unha enfermidade neuromuscular de carácter xenético que se manifesta por unha perda progresiva da forza muscular. Isto ocorre debido á afectación das neuronas motoras da médula espiñal, que fai que o impulso nervioso non se transmita correctamente aos músculos e ocasiona a atrofia dos mesmos.

Existen catro tipos de AME, sendo o tipo 1 o máis grave, inclusive mortal, e o tipo 4 o máis leve. Os síntomas que padecen as persoas que a padecen varían segundo o tipo, mais van desde a debilidade muscular, cansanzo crónico, falta de reflexos, perda de masa muscular, tremores, infeccións respiratorias, escoliose, problemas de alimentación, imposibilidade de sentarse e desprazarse.

Segundo a información que nos trasladou GaliciaAME no noso país están diagnosticados 11 casos, dos cales 11 son de tipo 2, 5 de tipo 3 e 1 de tipo 4, con idades entre os 18 meses e os 60 anos

Ata o de agora a Ame non ten tratamento nin cura, centrándose os tratamentos en tentar manter a mellor calidade de vida d@s doentes, con terapias rehabilitadoras e ocupacionais. máis a investigación está avanzando moi rapidamente, ata o punto que a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:27
Nº Rexistro: 8683
Data envío: 04/05/2017 18:27:18.763

Axencia Europea do Medicamento acaba de aprobar o pasado 21 de abril, o primeiro fármaco denominado Nusinersen/Spinraza, para tratar esta doenza.

Esta aprobación trae esperanza @s enferm@s de AME, polo que é preciso axilizar todas as actuacións precisas para que o tratamento poida ser administrado canto antes, xa que para estas persoas o factor tempo é fundamental.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

Creación dunha unidade Ame en Galiza, para a administración de Nusinersen/Spinraza, para o que se procederá á formación dun equipo médico en colaboración cos centros de referencia estatal Sant Joan de Déu e Vall D’Ebrón.

Crear unha comisión permanente para AME, formada por facultativos da Unidade AME e un representante de GaliciaAME.

Establecemento dun convenio de canalización aos centros de referencia estatal Sant Joan de Déu e Vall D’Ebrón, para tod@s @s afectad@s galeg@s, que garanta as consultas precisas cos especialistas.

Realizar todas as actuacións precisas, na maior brevidade posíbel para que @s facultativ@s do Sergas poidan prescribir a administración de Nusinersen/Spinraza @s doentes galeg@s

Garantir a intervención inicial nos centros de referencia estatal.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:27
Nº Rexistro: 8683
Data envío: 04/05/2017 18:27:18.763

Garantir o traslado inmediato ao centro de referencia estatal no caso de xurdir calquera problema en relación coa enfermidade, co tratamento ou a súa administración.

Que o Sergas asuma como medicamento especial, Nusinersen/Spinraza, se este é aprobado en outro país antes que no Estado español, para garantir a súa administración o antes posíbel.

Que sufrage os gastos de desprazamento e estancia nos centros de referencia, tanto das persoas doentes como d@s acompañantes.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2017 18:26:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 18:27
Nº Rexistro: 8683
Data envío: 04/05/2017 18:27:18.763

Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2017 18:26:47

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2017 18:26:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2017 18:26:54

Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2017 18:26:57

Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2017 18:27:02

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727